

cultura

Regresa a Lugo a Mostra de Teatro Clásico, que contará con dez representacións. **Páx. 2**

sociedade

O sector da limpeza desconvoca a folga en Lugo tras 129 días. **Páx. 10**

zona rural

Falamos coa asociación de San Xoán de Pena, que recuperou o Entroido de Nadela. **Páx. 14**

infraestruturas

Hipólito Pérez xa é o director xeral de Urbanismo no Concello de Lugo. **Páx. 19**

deportes

O CD Lugo elixe a Roberto Tras-horras como novo adestrador. **Páx. 28**

A comisaría de Policía xa ten novo destino



Remata outra obra de peonalización

No barrio de Recatelo finalizaron os traballos da segunda fase de renovación integral do barrio. **Páx. 18**

O PP foi a forza máis votada nas eleccións do 18F

Analizamos polo muído os resultados e as valoracións dos cambios que ofreceron as urnas. **Páx. 20**

A Deputación reclama á Xunta investimentos

O Pleno urxe ao Goberno Galego un plan para os proxectos así como melloras noutros eidos. **Páx. 21**

Son de Lugh



Reportaxe da agrupación musical, que vén de cumprir o décimo aniversario. **Páx. 4**

Semana Santa



Presentado o programa desta cita de Interese Turístico de Galicia. **Páx.13**

Lugo Sala



O club lugués cumpre dez anos liderando o fútbol sala na cidade. **Páx.29**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

Abre unha exposición que reivindica as achegas das creadoras á arte



O Museo Provincial de Lugo inaugurou a mostra *As 7 e 7 – Hora de falar*, comisariada por Sergio Marey (Pol, 1997).

“As obras de mulleres nos museos seguen invisibilizadas, a súa presenza nas mostras é ínfima do mesmo xeito que nas academias, nas coleccións e nos recoñecementos. Mais xa non só falamos das grandes creadoras da nosa historia ou aquelas máis consagradas, senón tamén das dificultades que sofren as emerxentes, aquelas que comezan a súa andaina no mundo artístico, onde o seu acceso segue a ser complicado. *As 7 e 7* é unha mostra que busca pular polo coñecemento e as achegas que elas fan á arte, ao pensamento de Galiza e do mundo, xa non só ao longo da historia senón tamén agora”, explica o organizador.

As 7 e 7 quere dar á coñecer ás 7 artistas cuxas obras están expostas no Museo Provincial de Lugo, sacalas a luz e valorizalas como as referentes artísticas que son. A

mostra estará composta por obras seleccionadas de Maruja Mallo, Xulia Minguillón, Mónica Alonso, María Luísa Pérez Herrero, María del Carmen Corredoira, Violeta Bernard e María del Carmen Álvarez de Sotomayor y Castro presentes nesta colección que se mesturará coas de outras tantas artistas emerxentes – Noa Costas Martín, Christina Chiarroni, Carmen Quintáns, Sabela Eiriz, Greta Debelius e as irmás Noa e Lara Castro Lema -.

Desta maneira 7 artistas e colectivos actuais crearán 7 obras tendo como referencia as obras das 7 artistas da colección, dando como resultado unha mostra colectiva, *As 7 e 7*. Unha exposición que xunta pasado e presente, que pon en valor o traballo das mulleres creadoras. 14 obras, 14 mulleres, 14 pensadoras. “Trátase dunha mostra para ensinar, para educar na nosa historia da arte pasada e actual, para aprender a mirar a arte das nosas creadoras”.

Regresa a Lugo a Mostra de Teatro Clásico, con dez representacións

Unhas 10 representacións compoñen a XXIV edición da Mostra de Teatro Clásico, que se celebrará no Auditorio Municipal Gustavo Freire durante o mes de marzo. “Quixemos facer unha programación extensa, de calidade e para todos os públicos”, explicou Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Deste xeito, continúan a concentrar a mostra no mesmo mes “facilitando a afluencia do público e a difusión da programación de Teatro Clásico”.

A Mostra de Teatro Clásico do 2024 contará tamén cunha importante aposta polas compañías galegas que comezaron a producir obras clásicas. As entradas poderán adquirirse a través do portal a 8 euros nos espectáculos para público adulto e 3 euros os espectáculos para público familiar que teñan lugar no auditorio. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG poderán desfrutar dun 30 % de desconto. Ademais, poderase comprar un bono que incluírá toda a programación para público adulto a un prezo de 40€ euros.

En Lugo poderase gozar de *Mañanas de abril y mayo* da man de Teatro de Malta o 7 de marzo ás 20.30 horas. A versión de Carolina África, dirixida por Laila Ripoll, conta cos actores Pablo Béjar, Guillermo Calero, Jose Ramón Iglesias, Sandra Landín, Juan Carlos Pertusa, Alba Recondo, Nieves Soria e Ana Varela.

Trátase dunha deliciosa comedia chea de alegría e vitalidade, con enredos e confusións, onde se recrea un Madrid verde e florido, bucólico e sensual, no que as parellas de na-



morados confúndense, evítanse, engáñanse, sorpréndense, búscanse, e, ás veces, ata que se atopan.

Os amantes do teatro tamén poderán gozar de *El perro del hortelano* de Vania Produccións. A cita será o 8 de marzo a partir das 20.30 horas. Trátase dunha versión de Paco Mir, con Moncho Sánchez-Diezma, Caqui Montoya, Manolo Monteagudo e Amparo Marín no elenco.

Fala do pesadelo que calquera actor ou produtor tivo: chega o día da actuación e a función non se pode facer.

Noviembre Compañía de Teatro representará *Noviembre* o 9 de marzo a partir das 20.30 horas. A peza de Eduardo Vasco ten a Rafael Ortiz, Elena Rayos, Alberto Gómez Tabeada, Manuel Pico, Jesús Calvo, Celia Pérez, Mar Calvo, Anna Nácher e Daniel Santos como actores principais.

O 10 de marzo é a quenda de *Crebanoces* de Larraitz Urruzola Produccións Artísticas. A partir das 18.30 horas poderase gozar deste espectáculo para público familiar de Eduardo R. Cunha e Santi Prego, con Larraitz Urruzola como actriz principal. Xa o 14 de marzo, ás 20.30 horas

Compañía do Chapitô pon en escena a súa versión de *Julio César*, dirixida por José C. García e Cláudia Nóvoa. Jorge Cruz, Pedro Diogo e Susana Nunes forman o elenco desta creación teatral baseada nos eventos da vida desta personaxe histórica, inmortalizada polos grandes narradores, desde Plutarco a Shakespeare.

Las Niñas de Cádiz achegan *Las bingueras de Eurípides* o 15 de marzo ás 20.30. A versión de Ana López Segovia, baixo a dirección de José Troncoso, conta no seu elenco con Alejandra López, Teresa Quintero, Mer Lozano e Rocío Segovia, entre outros. La Quintana Teatro presenta *La Toffana* o 16 de marzo ás 20.30 horas. Unha obra, baixo a dirección María Herrero, que conta con cinco premios Azahar.

O 17 de marzo chega a Lugo Esperando a Will da man de Egos Petits. A partir das 18.30 horas poderase gozar deste espectáculo para público familiar, premio ao Mellor espectáculo musical en FETÉN 2022. Anna Alborch, Rubén Montañá e María Santallusia dan vida a esta historia, dirixida por Toni Sans.



**PIZARRAS
HERMANOS
CASTEDO**

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

O Caudal Fest presenta o cartel completo da súa sexta edición

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, anunciou este xoves as novas incorporacións que se sumarán ao cartel da vindeira edición do Caudal Fest, a cita musical de referencia no municipio e un dos festivais máis importantes do noroeste peninsular. Trátase dos artistas Parkineos, Ana Lua Caiano, Querido e Dani Dicostas, que estarán presentes na que xa está consolidada como a última gran festa do verán galego e que se encamiña cara a súa edición máis multitudinaria, os días 20 e 21 de setembro.

O festival anunciaba, así mesmo, esta mañá a repartición por días do seu cartel. Un cartel que ten como grandes protagonistas a algún dos artistas máis demandados polo público a nivel nacional. Un ano máis, o Caudal Fest trae á cidade de Lugo un gran número das xiras máis importantes que se realizarán no verán de 2024. O venres 20 de setembro es-



tará protagonizado por Amaral, Viva Suecia, Carlos Sadness, Varry Brava, Huecco, Karavana, Xina Mora e Ramón Mirabet. Ademais, o festival engade a nivel artístico á portuguesa Ana Lua Caiano e ao galego Querido. O sábado 21 será a quenda para outro gran número dalgúns dos artistas con máis éxito do país. Mikel Izal, Arde Bogotá, Ginebras, Nil Moliner, Ladilla Rusa, Tu Otra Bonita, Siloé e Monolious DOP protagonizarán

a segunda xornada de Caudal Fest 2024. Únense a este día Parkineos e Dani Dicostas. Alvarellos lembrou que “dende que no Concello apostamos, en solitario, por poñer en marcha esta cita musical no 2018, o Caudal non deixou de crecer, tanto en volume de asistentes, infraestruturas, como na calidade do seu cartel, que este ano xa ten confirmados a algunhas das bandas e artistas máis importantes do panorama nacional”.

O Museo expoñerá un mes a Sibila de Velázquez

O Museo Provincial de Lugo expoñerá a obra *Sibila* de Velázquez, pertencente ao Museo do Prado, este mesmo verán. O contrato de comodato que canaliza a cesión temporal e gratuita do cadro ao Museo Provincial de Lugo aprobouse no pleno provincial.

A obra de Velázquez poderá verse no museo lucense durante un mes, no marco do proxecto expositivo *El arte que conecta* promovido polo Museo de Prado que ten como obxectivo proxectar as súas coleccións no contexto estatal, apostando por unha xestión dos seus depósitos que fomentan a presenza, visibilidade e acceso á colección en todo o territorio español para favorecer o seu coñecemento e difusión. O Museo Provincial de Lugo é a única institución de Galiza incluída neste proxecto, que se presentará a nivel estatal o vindeiro 13 de marzo en Madrid.



A deputada de Cultura Iria Castro valorou a “cesión como un recoñecemento ao traballo que se desenvolve no Museo Provincial de Lugo e na Rede Museística Provincial” e destacou “a repercusión e visibilidade que lle dará ao Museo Provincial de Lugo e á cidade de Lugo a exposición dunha obra de Velázquez, de recoñecemento e valor internacional”.

Unha mostra amosa 250 pezas dos 4 centros oleiros da provincia

A olaría de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós tomará maior protagonismo que nunca na cidade. O espazo expositivo do Vello Cárcere abre a mostra *Conciencia dunha tradición. Olaría de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós*, que amosará ata o 17 de maio, unha selección de 250 pezas de cerámicas singulares e de uso cotiá na casa galega, producidas nos centros oleiros de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós, os catro máis importantes da provincia de Lugo.

Maite Ferreiro indicou que esta mostra permite ofrecer, con enfoque

máis ben científico, “unha imaxe da riqueza oleira e do modo de vida de épocas pasadas en Galiza”, todo froito dos estudos de Luciano García Alén e do traballo conxunto de coleccionistas, profesionais da arqueoloxía e persoal investigador da USC, aclarou a concelleira.

Na exposición, que reflectirá as semellanzas e as diferenzas entre as pezas que se fixeron nos catro centros artesanais que coexistiron na provincia de Lugo, “valorarase a funcionalidade, antigüidade e decoración das propias cerámicas”, explicou Ferreiro. Ademais, a mostra

contará con paneis informativos que proporcionarán a máxima información a todas aquelas persoas que se acheguen a visitar a exposición, con detalles sobre as tipoloxías, procedencias ou datos máis específicos de tipo etnográfico e arqueolóxico.

Conciencia dunha tradición. Olaría de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós disporá tamén dunha reportaxe fotográfica onde se recollerán todos os elementos non musealizables asociados ao oficio de oleiro, como camiños ou fornos, así como fotos das persoas que desempeñan o oficio.

DÍA DE ROSALÍA



A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega realizaron en Lugo un acto con motivo do Día de Rosalía, celebrando o 187 aniversario do nacemento da poeta na praza Maior. A programación ampliouse cos concertos de *As literatas para Rosalía de Castro*, coas artistas galegas Belém Tajés, Antía Muíño e M.J. Pérez, que actuaron na Capela de Santa María.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Julia González Álvarez, reelixida directora da Escola Superior de Enxeñaría



A profesora Julia González Álvarez repetirá á fronte da dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da USC logo dos comicios nos que resultou elixida por 41 votos a favor, dous en contra, sete en branco e un voto nulo. “A ETSE ten unha ampla e atractiva oferta académica e ofrecer ao noso estudantado unha formación de calidade será unha das liñas prioritarias dos próximos anos”, explicou a directora da ETSE pouco despois de ser reelixida.

Para González, “conseguir novas mencións e acreditacións internacionais, fortalecer as relacións co mundo empresarial e incrementar a internacionalización dos nosos títulos están entre os obxectivos a conseguir”. En clave de xénero, a directora dixo que “seguiremos traballando dende a comisión de igualdade na captación de talento feminino, que continúa sendo unha necesidade nos títulos de enxeñaría e reforzar a visibilidade das actividades desenvolvidas no centro considerase imprescindible para a captación de estudantes”. Entre os horizontes a perseguir por parte da nova directora atópase tamén o de aumentar a implicación do estudantado coa ETSE. Así, apoiaranse as actividades promovidas polas asociacións estudiantís adscritas ao centro e potenciárase a participación activa da representación do estudantado.

“O noso sinal de identidade é facer que a xente participe e cante con nós”

A agrupación de música tradicional do mundo castrexo Son de Lugh cumpriu o décimo aniversario

Por Lucía Blanco

Dende Son de Lugh levan toda unha década apostando pola música tradicional e fano sen esquecerse dunha parte da nosa historia, concretamente das nosas raíces celtas. “O noso obxectivo inicial era tocar no Arde Lucus, xa no propio nome xogamos coas palabras de son, do verbo ser, por ser da cidade, pero á vez son de música e Lugh que era un deus celta, entón tamén significa a música dos deuses”, explica Miguel Carricoba, membro da agrupación. Precisamente, a festa que revive o pasado romano e castrexo da localidade ten moito que ver coa súa orixe. “Ao comezo non había asociacións e o Concello comezou a organizar un concurso para que a xente se caracterizaba. Parte do grupo participou en dúas edicións e gañou, aínda que finalmente o colectivo pechou”.

Porén, moitos non quixeron perder o labor e fundaron Lugdunum, unha das primeiras asociacións de galaicos e predecesora da actual. “Antigamente tiñamos unha banda con tambores e saímos ás rúas así. Pero os grupos romanos empezaron a incorporar tambores e pensamos en facer algo máis relacionado coa época e decidimos aprender a tocar a gaita”. Deste xeito, montaron unha escola de música tradicional aberta no 2011. “Animabamos a festa pero a nivel económico non nos daba máis diñeiro para a asociación, polo que pensamos en crear un grupo independente e naceu Son de Lugh”. Pouco a pouco, comezaron a participar en foliadas, en cantos de taberna e a preparar un repertorio como pasacalles. “O grupo foi medrando



como ente musical, xa afastado do Arde Lucus, aínda que seguimos participando nel”. Actualmente suman 28 socios, aínda que tocan 21, e lograron reunir a varias xeracións, xa que as idades dos seus membros van desde os 21 ata os 70 anos.

CÁNTIGAS E PEZAS PROPIAS. En canto aos instrumentos, un grupo numeroso toca a gaita e teñen “pandeiretas, tamboriles, bombo e, a maiores, un acordeón que tamén nos acompaña”. Cando naceron como agrupación, eran xa todos maiores, “eu sempre digo de vellos gaiteiros, porque aprendemos a tocar a gaita de vellos”, comenta entre risas Miguel. “E fomos evolucionado das primeiras pezas que tocábamos, como a ‘Muiñeira de Lugo’ e pouco máis, agora xa tocamos outras máis elaboradas e compoñemos musicalmente”.

Como conta este gaiteiro, de profesión mestre, a autoría xa non se lles resiste. “Empezamos coa mú-

sica de aquí, con cantigas sinxelas, pero como participamos en cantos de taberna xa temos cantigas propias, collemos melodías e amañamos nós as letras”. Aínda que o que os diferencia é súa conexión co pú-

“Cando imos por aí sempre levamos cancioneros para repartir entre a xente”

blico. “Cando imos por aí sempre levamos cancioneros para repartir entre a xente. Cando interpretamos as pezas que son nosas, facemos unha volta musical para que as coñezan, cantamos o retrouso e logo as estrofas. O éxito é que montamos moi bo ambiente”.

Non se definen coma uns grandes

músicos e aseguran que tampouco contan cunhas voces profesionais, pero logran “animar e facer que participe o público con nós, ese é o noso sinal de identidade poder mobilizar a toda a praza, cantando e bailando”. E conségueno a base de ensaio, compromiso que manteñen cada venres cando “tocamos primeiro as gaitas, logo a percusión e despois todos xuntos”, aínda que o traballo concéntrase entre maio e outubro porque son os meses que reúnen a maioría das súas actuacións.

Como citas próximas no seu calendario atópanse os Cantos de Taberna en Rábade o 9 de marzo, e tamén contemplan o Friulio en Friol ou a Feira Celta en Vilagarcía, entre outros. “Fomos a festas de recreación histórica en Cartaxena, Astorga ou Xinzo de Limia como asociación castrexa. Actualmente non somos só iso, pero non queremos perder ese rol de participar, caracterizarnos, tocar nos desfiles e animar pola rúa”.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Entréganse os premios do XXIX Certame de contos Trapero Pardo

A concelleira de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, entregou os galardóns ás 7 persoas premiadas no 29º Certame de Conto e Relato Curto Trapero Pardo. O certame está dividido en dúas categorías, de 12 a 14 e de 15 a 18 anos, que contan con tres premios cada unha e, nesta edición, cun accésit no grupo de maior idade.

Na categoría de 12 a 14 anos, o gañador foi Gabriel Iriarte López, do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, coa obra titulada 'O valor do esforzo'; o segundo premio levouno Paula Pérez Cendán, do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba, por 'Cando Aina tocou a lúa'; e o terceiro, foi para Naiara Pérez Ferreiro, do CPR Plurilingüe Divino Maestro, polo seu relato 'O osiño vermello'.



Na categoría de 15-18 anos, o primeiro premio foi para Rosalia Bernárdez Riopedre, do IES Leiras Pulpeiro de Lugo, coa obra 'As voces roubadas'. O segundo premio da categoría levouno Xan Rodríguez Navarrete, do IES Ánxel Fole de Lugo, co seu relato titulado 'Na

biblioteca'; e o terceiro, foi para Sara Méndez Seijo, tamén do Ánxel Fole, con 'Non é liberdade do que fala sempre o mar'. Nesta categoría o xurado nomeou un premio accésit para a obra de Lucía Domínguez Pereira do IES Xoán Montes de Lugo.

Inauguran unha formación para promover a conciencia ambiental

O Centro de Interpretación Terras do Miño acolleu o taller de Reciclaxe, Reutilización e Recuperación organizado no que estivo o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

Trátase dunha formación práctica dirixida a docentes para promover o coñecemento e a conciencia ambiental nas aulas co obxectivo de contribuír a un futuro máis sostible. Pablo Rivera deu a benvida aos participantes, neste caso docentes do IES Xoán Montes, e destacou que este obradoiro "non é simplemente un evento puntual, senón unha acción formativa con vocación de continuidade".

Engadiu que "o simple feito de fabricar un xoguete, como a actividade desenvolvida neste obradoiro, usando material de refugallo, ten un valor por si mesmo porque cando a este acto se engaden fins educativos lógrase unha experiencia de aprendizaxe máis enriquecedora e amena".

Doce novas fotografías compoñen o calendario do Maratón Fotográfico

A deputada de Cultura Iria Castro participou na presentación do calendario do XXIX Maratón Fotográfico, o certame fotográfico organizado no marco do programa Lugo Cultural que desenvolve a área de Cultura do Campus coa colaboración da área coa Vicepresidencia da Deputación e o Concello.

Como en cada edición, o xurado do certame seleccionou 12 fotografías para confeccionar o almanaque, que recolle as actividades do Lugo Cultural 2024 e que se distribuirá entre a comunidade universitaria. O acto coincidiu coa inauguración na Biblioteca Provincial de Lugo da exposición fotográfica organizada coas imaxes presentadas ao certame, tras o seu paso pola Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo. No acto, a deputada de Cultura confirmou o compromiso do orga-

nismo provincial co Lugo Cultural, que "amplía a axenda da cidade e impulsa a creatividade entre a comunidade universitaria, así como con todas as iniciativas que afiancen o vínculo da USC coa cidade". Entre as fotografías do calendario atópanse *Entre recunchos* de José Luis Bermúdez Salinas, *Olla* de Rocío Losada Iglesias, *Vivir no caos* de Esther López Álvarez, *Protesta* de Cristian Benítez Leiva, *Baleiro no interior* de Nerea Bermúdez Fernández, *Odio chegar tarde* de Raquel Carreira Fernández, *Caos na factura da luz* de Rodrigo Díaz López, *A unión dos catro por catro* de Estefanía Díaz Rodríguez, *Paisaxe transxénica* de Daniel Gómez Magide, *Greetings from Lugo* de Rocío Losada Iglesias, *Ana-Come-Pan* de Lucía Isabel Piñeiro Estévez e *A través do caos* de Santiago Tarrío Goy.

Arranca o novo e variado programa cultural para o Campus de Lugo

Música, teatro, danza, exposicións, faladoiros, cursos ou propostas audiovisuais integran a programación da Primavera Cultural da USC que xa está en marcha. Nesta segunda edición, a USC leva ao campus de Lugo múltiples actividades que estenden a acción cultural da institución dentro e fóra das aulas para fomentar o espírito crítico do estudiantado con actividades interdisciplinarias e abertas, na súa maioría, ao conxunto da sociedade.

En canto ás actuacións musicais, Lugo acolleu en febreiro un concerto a cargo de Belém Tajés, Antía Muíño e MJ Pérez. Os amantes do teatro tamén teñen o seu oco no programa, xa que do 15 ao 21 de

abril, a cidade acollerá a trixésima edición do Festival de Teatro Universitario. O encontro de Danza da USC tamén chegará a Lugo entre os días 25 e 26 de abril.

Pola súa parte, o Curso de Primavera que cada ano acolle o Campus de Lugo xirará arredor da arte urbana. Os Encontros de Lúa Chea do Campus de Lugo, faladoiros sustentados en datos sobre temas relevantes para a sociedade, mantéñense de novo nesta Primavera Cultural para abordar cuestións como a agricultura e a sustentabilidade. Encontros e certames audiovisuais e de fotografía completan a programación na sede universitaria luguesa.

A Fundación Caixa Rural Galega convoca novas bolsas para posgrao

Un ano máis a Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas acaba de facer pública a terceira edición das bolsas para estudos de posgrao. En concreto convócanse dúas bolsas cun límite máximo de dotación de 40.000 euros cada unha para o estudo dun máster nunha universidade de recoñecido prestixio nacional ou estranxeira.

A contía da bolsa poderá utilizarse para cubrir gastos de matrícula e aloxamento. O importe final dependerá da localización do centro no que se realicen os estudos e do custo do programa do máster.

Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia, podendo ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade.

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, creada en outubro de 2021, ten como obxectivo contribuír a promover a investigación e a educación, de forma prioritaria no sector agroalimentario e forestal e con especial atención aos estudos superiores. Todo iso co propósito de perseguir a excelencia e especialización dos nosos profesionais presentes e futuros para que iso poida revertir no progreso e a mellora das actividades produtivas de Galicia. Entre as súas prioridades está a convocatoria de bolsas para a realización de estudos superiores ou masters coa finalidade de formar a profesionais nos centros máis vangardistas co propósito de que poidan chegar coñecemento ao tecido industrial galego.

O prazo de solicitude estará aberto ata o 31 de maio.

MES DEL MUEBLE DE BAÑO

+ DE 100 CONJUNTOS EN EXPOSICIÓN

COMPRA TU MUEBLE ESTE MES Y TE LLEVARÁS UN REGALO SEGURO

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

385 eur*
IVA INCLUIDO

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
e muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

*Hasta fin de existencias

Un grupo de batucada imparte formación en Lugo

Maitte Ferreiro, presentou xunto con representantes do grupo Tambukda o curso *Explorando o mundo da percusión*, co que colabora a área de Cultura e que permitirá a todas as persoas que o desexen "aprender de xeito gratuito a participar nun grupo de batucada". Ferreiro destacou que "se trata dunha formación de iniciación que permitirá coñecer as bases da batucada, facilitando o achegamento desta forma de expresión artística".

O curso celebrarase nas noites dos xoves, entre as 20 e as 21 horas, dende o 7 de marzo ata o 2 de maio nas instalacións de Tambukda na Estación de Autobuses. As persoas interesadas poderanse anotar contactando co grupo por teléfono no 692 200 764 ou no correo electrónico iniciacion.percusion@gmail.com.


A UNED Sénior abre o prazo para dous cursos de inglés

A UNED de Lugo anuncia a apertura do prazo de matrícula para o programa UNED Sénior, unha iniciativa deseñada para ofrecer oportunidades de aprendizaxe a maiores de 55 anos. Ata o 27 de marzo, os interesados poderán inscribirse nos cursos de inglés básico e intermedio, parte da ampla oferta educativa do centro. Os cursos están programados para comezar na semana do 4 de marzo, sempre que se alcance o mínimo de inscricións requirido. Cada materia conta cun límite de 20 prazas.

Os cursos son inglés básico, impartido pola profesora Christina Pereira Pinto, que terá lugar os luns de 11.00 a 13.00 horas; e o de inglés intermedio, será os martes de 11.00 a 13.00 horas.

Conversa con Paco Arrizado, locutor de radio

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Cada trece de febreiro celébrase o Día Mundial da Radio e a Unesco declarou 2024 como o ano do centenario deste medio de comunicación, que coincide coas primeiras emisións comerciais en España. E por iso, esta colaboración é unha conversa cun locutor de radio de toda a vida en Lugo: Paco Arrizado.

Onde naciches?

Nacín no concello de Carballeda, comarca de Valdeorras, un seis de febreiro, sendo acuario de signo zodiacal que propicia ser comunicativo. Algo xa estaba marcado no meu destino...

E os teus estudos foron en?

Estudei nun internado de frades franciscanos en Padrón e comparando as miñas vivencias coas doutra xente, poden dicir que tiveron sorte porque era un claustro de profesores moi aberto ao mundo. Un frade que veu de EEUU trouxera un magnetófono de bobina. A min escolléronme para gravar lecturas. Fora máximo escoitar a voz humana ao tempo que oscilaba a frecuencia dun piloto cor verde. Rematado o bacharelato nese colexio, fixen a reválida. Empecei Maxisterio en Ourense, que continuaría en Lugo porque nos trasladamos a vivir aquí.

E cando empezas a túa andaina radiofónica?

Eu fixen a mili en Zaragoza. Alí vivía un familiar meu que me imaxinaba traballando como locutor de radio. Decía que tiña unha voz moi axetada. De volta en Lugo, por casualidade, un amigo informoume de

que en Radio Popular precisaban un locutor para ocupar a praza que deixara Constantino Cabanas xa que marchara para Radio Nacional de España, na Coruña. Presenteime co currículo, xunto a outros aspirantes, e fixéronnos unhas probas. Na lectura de textos publicitarios saíu o de "Confecciones Stilo" que estaba na rúa do Progreso. O texto decía: "Para homes, Stilo. Stilo para homes". A Benito Vázquez, director de Radio Popular na década dos 60, gustoulle como lin o texto, co "s" líquido. Tamén estaba no xurado Manuel Lombao. Total: que me elixiron para o posto e comecei a traballar como locutor en outubro de 1968.

Na miña modesta opinión, penso que tes unha voz moi dinámica e fluída

É que nos machacaban moito, facendo exercicios de pronunciación cun lapis na boca, mordendo a parte roma na que tropezaba a punta da lingua e lendo páxinas e páxinas dun libro. E despois tiñas que ler os mesmos textos sen o lapis. Collías unha soltura tremenda!

Daquela facías publicidade?

Si, cuñas radiofónicas teño gravado dabondo. Co tempo, os directores fóronme dando responsabilidades na redacción e presentación de espazos. Lembro en especial "O recanto da cultura", na FM da COPE, xunto con Paco Nieto. Xente da creación artística, literaria, da docencia e mesmo do común falaban de cultura nun senso amplo. A cultura sempre me interesou moito.

E por iso, tamén fuches presidente do Club Cultural Valle-Inclán?

Si, recuerdo esa etapa con agarimo. Quero destacar o labor da actual presidenta, a miña colega de profesión, Tonina Gay. Sempre que pod



siño a participar nas actividades do Valle Inclán e tamén nas da asociación Lugo Patrimonio.

Falando de cine, cal é unha das túas películas preferidas?

Por exemplo, "A filla de Ryan" de David Lean ambientada na Irlanda de comezos do século XX. A trama podería terse dado no País Galego.

Polo que vexo, todas as túas actividades están moi vinculadas con Lugo?

Claro, vivo aquí dende hai tempo e aínda sendo unha cidade pequena permite facer moitas cousas.

E non podemos esquecer que ti formaches parte da primeira corporación municipal no Concello de Lugo?

Si, unha etapa interesante, dun cambio que comezaba. Buscando consenso a UCD repartira responsabilidades a municipais de distintos partidos. O alcalde, Novo Freire, asignoume as áreas de cultura, turismo e protocolo.

A radio vén de cumprir cen anos, cal é a principal razón desta lonxevidade?

Na radio, o fío comunicativo é forte

e crea familiaridade entre quen fai o programa e quen o escoita e soubo adaptarse ás novas tecnoloxías. Con inmediatez, todos podemos ser receptores ou emisores.

E a todo isto, botas de menos a radio?

Si e non. Teño un sentimento contradictorio porque, ao principio, era idealista sobre a función da radio na sociedade. Hoxe cada emisora responde á ideoloxía da propiedade deste medio. Sobra crispación política.

Para rematar, que dirías que lle falta agora a esta sociedade no aspecto cultural e radiofónico?

No cultural, comezar pola autoestima e coñecemento do propio. No radiofónico, máis liberdade na creación de emisoras, fóra dos grupos dominantes. Aproveito para facer unha lembranza agarimosa ás persoas que me acompañaron na miña traxectoria radiofónica. Entre eles o director que me admitiu como traballador, Benito Vázquez Rigueira, que se facía chamar Jorge de Vázquez e o sacerdote Xesús Mato, recentemente falecido.



Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quimioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro


Montero Ríos, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es

¿SIGUES PENSANDO QUE SI LO DESEAS



el MAL ALIENTO y el SARRO de la boca de tu mascota "desaparecerán" SOLOS?

Confía en los que saben



¡EL DENTISTA DE TU AMIGO EN LUGO!

Portovet
Dental Para Especialistas

Calle Dinan 1-3, Lugo
982.46.50.65

Dende lavadoras ou sofás a metade de prezo ata paquetes sorpresa de Amazon

Avenida Benigno Rivera
Nº 10, 27003-Lugo
Web: woocost.es
Redes sociais: woocost.lugo

Woocost, que xa ten dúas tendas físicas na avenida da Coruña e reactivará a tenda online, abre no Ceao cun horario ininterrompido combinando produtos de importación e liquidacións

Lavadoras, neveiras ou sofás a metade de prezo. Esa son algunhas das apostas de Woocost, que inaugurarán en marzo a súa nova tenda nunha nave de 800 m² situada no número 10 da avenida Benigno Rivera. “A data anunciarase na nosa web en breve. De cara a apertura compramos un tráiler de Conforma con estes produtos que teñen de exposición ou presentan unha pequena tara e que vendemos cun desconto dun 30 % ou dun 50 % e despois liquidaremos e traeremos outra cousa”, explica Alejandro Copa, o xerente.

Bebidas e lotes de alcohol, produtos de perfumería, droguería e hixiene de importación, bazar de fogar e cociña, papelería, iluminación, ferretería e pequenos electrodomésticos compoñen o amplo catálogo de 16.000 referencias —todas por debaixo do prezo de

mercado— no que se combinan provedores externos con liquidacións. “En vez de ter 5 marcas de café, apostarei por unha marca, traemos palés e baixaremos o prezo e así con case todos os produtos, esa é a nosa forma de traballar”. Unha das ofertas de

paquetes sorpresa, procedentes de produtos non entregados das principais tendas online: Amazon, AliExpress e Temu. “Nunca se sabe o que pode saír, dende unhas sandalias ata cousas de gran valor”. O téxtil tamén formará parte da oferta de Woocost. “Compramos



inauguración é a de 100 pastillas de lavalouzas por 1 euro. “Cando o prezo de mercado de cada pastilla, que é moi boa, é de 24 céntimos. Queríamos facer 1.000 paquetes e limitar a un por cliente”.

Outra das novidades serán os

liquidacións de tempadas pasadas, sempre é roupa nova, modelos que van variando a prezos fixos”, engade Copa.

E nun momento no que o prezo da cesta da compra bate récords, as súas ofertas en canto a



alimentación tampouco pasan desapercibidas. “Apostamos por produtos de calidade de provedores locais a baixo prezo que nos poidan diferenciar. Pensamos en que os agricultores poidan vender directamente aquí”. Precisamente, o paquete de medio quilo de discos de xamón é un dos máis demandados. “Custa 3,99. O quilo sae a menos de 8 euros, cando o prezo nun supermercado é duns 18”.

O téxtil de fogar tamén triunfa entre os clientes a través de pezas de segundas calidades ao 50 % con taras practicamente imperceptibles, como pode ser unha etiqueta rota, ou as toallas de algodón turco a peso que “se venden a 22 euros e nós témolas por 11”. Stock limitados, artigos de calidade e atención personalizada definen a empresa que mantén a filosofía de que “ou o vendemos ao mellor prezo ou non o traemos”.

Refórzase a brigada de augas coa contratación de dous novos operarios

A área de Persoal do Concello de Lugo está a reforzar a brigada municipal de Augas coa contratación de máis traballadores. Este mércores tomou posesión un novo oficial fontaneiro e estase a tramitar a contratación dun oficial maquinista-fontaneiro que se espera facer efectiva nas próximas semanas. Trátase de dous postos que están chamados a reforzar o labor que leva a cabo desde o servizo.

En prol dunha optimización dos recursos humanos, trabállase nunha modificación da Relación de Postos de Traxo para que, aqueles traballadores do Servizo de Augas que cumpran cos requisitos, poidan promocionar de peóns a oficiais a través do proceso oportuno en función da necesidade de postos a cubrir.

Estas medidas únense a outras iniciativas implementadas polo Executivo de Paula Alvarellos para mellorar a operatividade na resolución de avarías e velar polo correcto funcio-

namento da rede de augas municipal. Deste xeito, na Xunta de Goberno local celebrada o 21 de febreiro, oficializouse a delegación de competencias no edil de Xestión Integral de Recursos Internos, Pablo Permuy, para tramitar todas as contratacións que sexan necesarias para resolver incidencias e avarías na rede municipal que se produzan fóra do horario da Brigada de Augas.

“Trátase de garantir de forma permanente e continuada esta prestación, ante a imposibilidade de que o persoal municipal poida reparar todos os incidentes que afecten os elementos da rede de distribución de auga potable por unha cuestión de dispoñibilidade horaria dos operarios”, sinalou a este respecto o edil de Xestión Integral de Recursos Internos.

Esta situación foi denunciada polo Partido Popular, que levou o asunto ao Pleno o día no que o Concello facía o anuncio da contratación.

O CEI-Nodus asegura a supervivencia do 75 % das empresas que apoia

A alcaldesa mantivo un encontro con emprendedores e emprendedoras do viveiro de empresas do CEI-Nodus para coñecer de primeira man as iniciativas e proxectos que están a desenvolver.

Actualmente, contan cunha vintena de proxectos no viveiro do CEI e outros seis no da Tinería. Alvarellos, que visitou por primeira vez o Centro de Empresas e Innovación municipal dende que asumiu a Alcaldía do Concello, puxo en valor este servizo, que ao longo dos seus 20 anos de funcionamento leva contribuído ao desenvolvemento de máis dun centenar de empresas na cidade, elevándose a porcentaxe de supervivencia das mesmas por riba dun 75 %.

“A determinación e a capacidade de emprender amosada polas empresas que forman parte destes viveiros empresariais municipais conta co soporte total deste

Goberno local”. Destacou o apoio ao emprendemento como pilar fundamental “da nosa política de dinamización económica, coa que pretendemos expandir o noso tecido produtivo, xerar emprego e fixar poboación nova”. Deste xeito, queren que Lugo “siga sendo unha cidade de oportunidades”, subliñou a rexedora.

Na reunión tamén participaron emprendedores e emprendedoras do viveiro da Tinería, recentemente renovado, coa posta a disposición por parte do Concello de seis locais comerciais en condicións de aluguer moi vantaxosas.

Alvarellos Fondo interesouse polo progreso do alumnado do obradoiro dual de emprego *ArquivaLugo*, posto en marcha polo Executivo municipal e a través do cal 20 lucenses que se atopaban desempregados están a recibir formación.

O PP denuncia servizos con vacantes sen cubrir no Concello

Trala circular interna que remitiu o goberno local aos funcionarios do Concello de Lugo na que se indica que “non se asignen nin realicen funcións diferentes ás que lles corresponden polo seu posto”, o PP alerta do bloqueo dalgúns servizos municipais se os funcionarios cumpren a petición de Permuy de realizar “unicamente as funcións que corresponden a súa categoría”.

Enrique Rozas asegura que o escrito do Concello o único que está provocando é “desconcerto, preocupación e tensións internas que poderían repercutir na atención final do cidadán, ademais de confirmar o que vimos denunciando dende hai anos a falta de persoal, a falta de diálogo e a mala planificación”.

Enrique Rozas explica que na actualidade “en moitos departamentos do Concello de Lugo non hai persoal suficiente, nin teñen a categoría adecuada xa que a Relación de Postos de Traxo aprobada en 2020 quedou obsoleta”. Os populares explican que esta situación é froito “dunha nefasta política de persoal”.

Formoso deixa o PSOE en mans de Besteiro, que renuncia ao Congreso



O secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, o pontés Valentín González Formoso, confirmou que deixará a dirección dos socialistas galegos tras a celebración do próximo Congreso. “O meu papel finalizará cando finalice o Congreso”, subliñou Formoso antes de asegurar que, unha vez deixe o cargo, centrarse no seu traballo como presidente da Deputación da Coruña e como alcalde das Pontes.

Formoso reiterou o seu apoio ao candidato do PSdeG á Presidencia da Xunta, José Ramón Gómez Besteiro, en quen confía “que sexa capaz de dotar de estabilidade ao partido e obteña un magnífico resultado dentro de catro anos”.

Formoso xa indicara tras a reunión da executiva do PSdeG na que se analizaron os resultados dos comicios galegos, que o partido afrontaría “cambios orgánicos desde a tranquilidade” e que o futuro pasaba por Besteiro.

Tamén aproveitou para facer unha valoración do resultado electoral, que atribuíu a “polarización política e mediática brutal” que viraba en torno ao BNG e ao PP, “obviando

ao resto dos candidatos”.

Así mesmo, defendeu que Besteiro só tivo “un mes e medio” para darse a coñecer, fronte a unha Pontón que “leva oito anos como candidata” e a un Rueda que estivo “dous anos de presidente e 14 de vicepresidente”.

Sobre esta base, Formoso sostivo que o futuro pasa por “recuperar ao partido, darlle estabilidade” e “apostar polo candidato” para que “teña tempo para que Galicia o coñeza” e para “inmiscirse en todos aqueles asuntos que son importantes para a cidadanía galega”.

Besteiro procedeu a renunciar á acta como deputado pola provincia de Lugo no Congreso para centrarse no seu labor como parlamentario autonómico na Cámara galega. Tras a renuncia á súa acta como parlamentario no Congreso, prevese que nos próximos días Besteiro recolla as súas credenciais de deputado no Parlamento de Galicia.

Ocupará o seu posto en Madrid Patricia Otero, que foi na segunda posición na lista de candidatos deste partido ás eleccións xerais de xullo de 2023.

Urnas a pé de rúa pola falta do montacargas de Sindicatos

Lugo acolleu unha xornada electoral que se sucedeu sen maior incidencias, agás no edificio sindical situado na céntrica rolda da Muralla. As persoas con mobilidade reducida víronse na obriga de votar na rúa, xa que o montacargas segue sen arranxarse e non puideron acceder ao colexio electoral. Trátase dunha necesidade que vén demandando dende fai tempo Auxilia Lugo, colectivo que acusa o trato discriminatorio que supón para as persoas con problemas de mobilidade.

Deste xeito, os que non puideron subir os catro chanzos de acceso, tiveron que depositar a súa papeleta fóra do colexio coa axuda do persoal das mesas que se encargaron de sacar as urnas á rúa. Pero non é a primeira vez que se realiza esta denuncia, xa que nas pasadas eleccións municipais a situación era moi semellante, aínda que naquel momento estaba operativo un número para que as persoas con mobilidade reducida puideran chamar e así o persoal acudira atendelos fóra do colexio. “Veu xente maior que tiña dificultade para acceder a dentro. Nesta ocasión ese número non estaba co que a xente que ía soa íase atopar cunha problemática seria e a xente que foi acompañada tiveron que subir os acompañantes para avisar”, explica Nuria Neira, delegada de Auxilia Lugo.

Como explican dende o colectivo, durante o 18F a situación agravouse, aínda que segue a ser “indignante de calquera das formas porque ninguén ten que votar na rúa e o número de teléfono non é algo que solvente a problemática, obrigante a ir acompañado se queres acceder ao voto,



o que nos parece aínda máis patético”. De feito, un dos votantes que non foi quen de acceder “non traía o voto no sobre, se non chega a vir acompañado téñenche que baixar todas as papeletas e ver a quen estás votando cando o voto é segredo”.

O colectivo amósase preocupado porque as dificultades en xuño, cando se celebren os comicios europeos, se manteñan. “Vexo que imos seguir na mesma situación, é unha falta de respecto cara ás persoas que teñen algunha limitación ou discapacidade, agrega Neira. Pero os problemas de accesibilidade non se limitan ás citas coas urnas, posto que impiden o acceso das persoas con mobilidade reducida ao edificio para realizar calquera outro tipo de xestión no día a día. “Levamos moito tempo con isto, seguimos reivindicando que non é cousa dun día electoral cando si que se lle pode dar máis visibilidade porque vai máis xente, pero hai que pensar que os sindicatos están alí e se alguén ten que facer algunha xestión teno que seguir facendo na rúa”. Para eles trátase dun “trato totalmente discriminatorio, xa que nin-

guén ten que escoitar o que falar ou o que necesitas tratar por non falar do feito de ser atendido na rúa”, explica a delegada. Recalca que xa se enviou en agosto unha carta ao Ministerio de Economía, que é o propietario do edificio, quen asegurou en resposta automática que o problema se solucionaría á maior brevidade.

Cando se fixo a obra para facer accesible o edificio, estableceuse que o montacargas funcionaría con chave, que tiña o porteiro do edificio, ao que se chamaba cun timbre. Uns anos despois desapareceu a figura do porteiro e ninguén se ocupou desta función polo que o ascensor deixou de funcionar.

Desde Auxilia lembran que ao non poñer en marcha este acceso, estase a incumplir o Real Decreto que obriga a que todos os edificios públicos sexan accesibles. A queixa tamén é porque está cheo de lixo, “pero claro, iso é máis un problema de civismo da veciñanza, e entendemos que non é culpa súa pero si se puidera usar manteríase tamén en mellor estado”, afirma.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

Covocan un curso de manexo de drons

Xa está aberto prazo para participar nun curso práctico de manexo de drons, totalmente de balde, destinado á mocidade lucense de entre 15 e 39 anos. O curso terá lugar no Club de Aerodelismo Lavanco, en Muxa, todos os venres e sábados dende o 8 de marzo ata o 18 de maio en dúas sesións de 16.00 a 18.00 horas e de 18.00 a 20.00 horas. En total haberá 75 prazas dispoñibles. Cada participante ten dereito a unha sesión de 2 horas.

As inscricións estarán abertas ata o 19 de abril a través da web www.lugomasxti.org na pestana de Actividades. Os interesados deberán indicar a sesión de preferencia no formulario de inscrición.



O colectivo Feafes premia ao Concello polo seu labor na integración

O deputado de Xestión Territorial e Formación, Miguel Fernández, participou na entrega dos premios Empréganos, que recoñecen o labor que fan persoas, empresas e entidades pola inserción laboral das persoas con problemas de saúde mental. A Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES) organizou o evento, que tivo lugar no Vello Cárcere de Lugo. A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, recolleu o recoñecemento deste colectivo polo labor do Concello de Lugo na integración de persoas con enfermidades mentais.

Fernández sinalou que a institución provincial achega 34.000 euros a esta entidade para favorecer precisamente a intermediación laboral e manter unha bolsa de prácticas, algo moi necesario porque a día de hoxe son máis de 400 persoas con enfermidade mental inscritas como demandantes de emprego no Servizo de Emprego e Formación da provincia de Lugo. Na súa intervención subliñou que, “se a sociedade non

é quen de avanzar na liña de integrar a todo o mundo; de ofrecerlle a cada persoa un posto de traballo acorde coas súas capacidades, entón é a sociedade no seu conxunto a que ten un problema, e non as persoas”.

A incorporación ao mercado laboral é “unha ferramenta fundamental de integración social”, xa que traballo supón “independencia económica, socialización, convivencia e, sobre todo, reforzo da autoestima, ao sentirse útil e capaz de aportar achegas de valor á sociedade”, valorou. Nese sentido, explicou o deputado que o Goberno provincial defende a creación de emprego “como unha das nosas políticas fundamentais” polo que ten de xeración de riqueza á provincia, pero tamén polos seus valores transversais.

Feafes é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída no ano 1995, que agrupa en Galicia a un total de 33 asociacións que teñen como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental, así como das súas familias e achegados.

A creación da nova Oficina de Voluntariado está na súa fase final

A responsable de Benestar Social, Olga López Racamonde, reuniuse co tecido social para avanzar o funcionamento da nova Oficina de Intermediación do Voluntariado. O obxectivo desta iniciativa, que se atopa na súa última fase de tramitación, é dinamizar a acción social e reforzar o traballo dos colectivos a nivel local. “Insistimos en que é prioritario prestar un soporte integral ao tecido asociativo lucense. As nosas entidades están a realizar un gran labor para toda a veciñanza e, de forma particular, para os colectivos máis vulnerables”. Do mesmo xeito, precisase canalizar todo o capital humano que atesoura Lugo e que está “disposto a contribuír aportando a súa dedicación e o seu tempo na medida das súas posibilidades”. A concelleira engadiu que a acción voluntaria toma “cada día maior presenza na nosa sociedade

con base ao crecemento da conciencia solidaria”.

López Racamonde informou ás entidades sociais sobre o sistema deseñado polo persoal técnico municipal para implementar funcionalidades incluídas neste servizo como a axuda á captación, á formación ou a propia coordinación, aspectos claves no seu funcionamento que permitirán establecer liñas estratéxicas comúns. “Así, por medio desta ferramenta, entre outros moitos aspectos, desde o Goberno local facilitaremos a xestión de espazos municipais e recursos técnicos para desenvolver actividades de formación e deste xeito poder cubrir as necesidades que neste sentido poidan ter os colectivos, xa que este aspecto é un requisito obrigatorio para toda persoa que vaia a comezar unha acción voluntaria”, indicou a edila.

CONSELLO DAS PERSOAS MAIORES




Representantes do Concello reuníronse co tecido social da cidade para abordar o funcionamento do futuro Consello Municipal de Persoas Maiores. Este novo órgano, cuxo desenvolvemento atópase na súa fase final, ten por obxectivo ampliar a participación activa e a integración do colectivo na vida municipal, en prol de acadar un maior nivel de benestar para a sociedade.

San Lázaro celebra as festas e unha excursión a Portugal

As festas do barrio de San Lázaro comezarán o sábado 9 ás 12.00 horas con sesión vermú e degustación de pizza. Xa pola tarde, terá lugar o Campionato Galego de Carrilanas, cuxos premios se entregarán no campo da festa a partir das 21.00 horas. A verbena comezará ás 22.00 da man do Dj Sonic e da orquestra París de Noia que fará a presentación da súa nova xira. O domingo, a partir das 11.30 horas, poderase gozar do Mercado Primavera e dunha exposición de Motos Clásicas e sesión vermú. Os máis pequenos poderán gozar de atraccións no campo da festa. Dositeo Racamonde dará este ano o pregón, que terá lugar o 15 de marzo ás 21.30 horas. Nesta xornada tamén se poderá gozar dunha gran churrascada e da actuación do grupo musical La hora Bruja a partir das 23.00 horas. O sábado 16 de marzo organizarase a primeira Feira de Maquinaria agrícola e industrial A Ponte, á que seguirá unha sesión vermú ameniza polo grupo Alba.

Xa pola noite, actuará a orquestra Panama Band a partir das 22.30 e a partir das 23.30 celebrarase unha Festa Reggaeton e Electrocalino antigo co Dj lucense Iván Fanego. Na última xornada, o domingo 17, haberá misa, sesión vermú e tardeo con Javi Show, atraccións no campo da festa e clausurarase a primeira Feira de Maquinaria agrícola e industrial A Ponte ás 19.00 horas co sorteo dun tractor infantil.

A asociación de Veciños está a organizar para o día 6 de abril unha excursión a Portugal. As prazas son limitadas e o prazo para anotarse mantense aberto ata o 22 de marzo. Despois da saída da cidade, farán unha parada na Cañiza, achegaranse a Vilanova de Cerveira e visitarán o mercado, e, pola tarde Valença, onde verán A Fortaleza.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A provincia prepárase para celebrar o 8M con varias manifestacións

A Secretaría das Mulleres da CIG presentou a campaña *Stop Precariedade. Traballo digno e igualdade*, arredor da que conmemorará este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. Unha precariedade que se constata no Informe sobre a Situación sociolaboral das mulleres en Galiza. Ano 2023, no que, segundo a secretaria das Mulleres, Nicolasa Castro, se confirma que “desde o inicio da nosa vida laboral até a xubilación, padecemos toda unha serie de desigualdades que non teñen causas obxectivas baseadas no desempeño do noso traballo, senón no feito de sermos mulleres”.

O Informe compara a situación actual coa de 2021, antes da última reforma laboral, para medir o efecto desta na situación sociolaboral das mulleres. Así constátase que en 2023, o 70,1% das mulleres tiñan un contrato indefinido -sumando todos os tipos de xornada-, fronte ao 81,8% dos homes, 11,7 puntos de diferenza, mentres que en 2021 era de 9,7 puntos.



Na xornada do 8 de Marzo a secretaria das Mulleres ten previstas mobilizacións, ás 11.30 horas, na Coruña, Compostela, Ferrol, Lugo, Pontevedra e Vigo. Ás 12.00 horas en Ourense e nas vilas das Pontes, ás 12.30 horas; Burela, ás 11.00 horas e A Guarda, Candas e Vilagarcía ás 11.30.

Xunto a estas, Nicolasa Castro chamou a participar nas mobilizacións do feminismo galego, nomeadamente nas convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres.

O sector da limpeza desconvoca a folga en Lugo tras 129 días

As asembleas de traballadoras celebradas ratificaron e por práctica unanimidade o preacordo acadado entre a CIG e a patronal para o convenio colectivo da limpeza de Lugo. Este aval por parte do sector supón tamén a desconvocatoria da folga indefinida iniciada o pasado 16 de outubro. A representante da CIG, Asunción Castiñeira, destaca o sentir das traballadoras e dos traballadores que participaron nas asembleas, que trasladaron a súa satisfacción polos termos do preacordo tanto no relativo ao incremento do 18,3 % durante a vixencia do convenio, como polas cláusulas que se establecen e as melloras laborais recollidas.

Tamén se amosan satisfeitos por conseguir frear os recortes que a patronal estatal ASPEL pretendía introducir no cobro dos trienios modificando o sistema de cálculo da antigüidade. Este recorte estivo dende o primeiro día enriba da mesa e era unha das propostas ás que a patro-



nal non estaba disposta a renunciar. “Foi grazas á capacidade de loita, á determinación e á resistencia das traballadoras como se conseguiu a súa retirada”, salienta Castiñeira. En materia económica, subliña que nunca se acadaran unhas subas salariais tan elevadas no convenio provincial da limpeza e, incluso a nivel estatal, os incrementos pactados son os máis altos dos convenios asinados neste sector en datas recentes.

Castiñeira engade que as subas acordadas tamén se aplicarán ao plus de traballo en domingos e festivos; que se introduciu unha cláusula de garantía de que todas as traballadoras e traballadores cobrarán, como mínimo, o SMI vixente en cada momento; e unha cláusula para aplicar de maneira automática unha suba do 2% se no primeiro trimestre de 2027 non se constituíu a comisión negociadora.

APOIO Á SOCIEDADE PALESTINA



A Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina (RESCOP) convocou por segunda vez de forma conxunta e simultánea a toda a cidadanía a saír ás rúas para esixir ao goberno do Estado español medidas concretas e eficaces contra o xenocidio na Franxa de Gaza e a ocupación, o apartheid e o colonialismo en Palestina.

O PP afirma que a fuxida de altos cargos do Concello provocará inestabilidade

O PP de Lugo afirma que a fuxida de altos cargos do Concello provocará máis caos e inestabilidade na xestión. Enrique Rozas afirma que a marcha da alcaldesa “foi a punta de iceberg” dunha cascada de dimisións xa que “en dous meses abandonaron o Concello dous funcionarios de alta dirección”.

Os populares afirman que a marcha do interventor agravará a situación caótica indicando que Lugo non é unha praza apetecible “dada a desorganización, os contratos caducados; proxectos faraónicos difíciles de manter, xestión moi deficiente e as disputas internas entre os socios do goberno, que complican o día a día do funcionariado”. Rozas denuncia “a deriva política do Goberno local”, así como a falta de persoal cualificado permanente en cargos clave está dificultando o funcionamento eficaz do Concello e, en consecuencia, “a prestación de servizos axeitados aos cidadáns”.

Enrique Rozas explica que, ademais da saída destes dous altos cargos, outros postos de alta dirección están vacantes ou cubertos de forma provisional: nese caso está a praza da vicesecretaria cuberta de forma provisional por un técnico de administración xeral que non está habilitado ou a xefatura de Arquitectura; con respecto ás xefaturas de licenzas e contratación están vacantes.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com



INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

Lugo crea un Plan de Emerxencias que aposta pola dixitalización

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, recibiu de parte do equipo redactor o novo Plan de Emerxencias Municipal. Este documento, elaborado da man do equipo de Protección civil e que vertebra todos os protocolos de seguridade pública a nivel local, analiza os riscos de posibles emerxencias, valora as súas consecuencias e define os protocolos de acción e a estrutura organizativa de todo o persoal implicado. A súa actualización, como consecuencia do crecemento da cidade, os avances tecnolóxicos ou o cambio climático, inclúe novas áreas e riscos que non estaban contemplados ata o de agora. Ademais, no que respecta á súa operatividade, simplifica os protocolos, facilitando que a intervención sexa fácil de desenvolver polos membros do dispositivo.



Ademais, a nova dixitalización do sistema facilitará a avaliación de riscos e a súa magnitude por medio dunha sinxela aplicación informática desenvolvida á ocasión, facilitada ao persoal de Protección Civil, que permite obter facilmente os novos resultados e consecuencias. As bases de información para a súa elaboración son

variadas, pero a maior parte son datos espaciais (integradas en sistemas de información xeográfica ou SIG), que permiten representar todos os elementos implicados nunha emerxencia (causas e consecuencias) ou ben permiten a toma de decisións para a elaboración de protocolos de acción.

Coidemos Lugo fai unha acción de limpeza na Piringalla

A plataforma Coidemos Lugo organiza o vindeiro 16 de marzo a partir das 17.00 horas unha nova acción. Neste caso trátase dunha acción de limpeza e concienciación sobre a zona da Piringalla.

O punto de encontro será praza Bispo Frei Xosé Gómez. Coidemos Lugo é un movemento social lucense para xerar amor e respecto polo patrimonio, a natureza e o medio ambiente. Na anterior xuntanza, realizada o pasado domingo 28 de xaneiro, un grupo de dez voluntarios percorreron as rúas do barrio de Recatelo e parte das Costas do Parque. Ademais das cabichas, chicles e papeis habituais na rúa, atoparon latas, botellas (algúns cheas) ou plásticos.

Ponse en marcha a Ruta do Cocido por (E)TAPAS

Cinco locais da praza do Campo inaugurarán unha Ruta do Cocido por (E)TAPAS, que conta coa colaboración de Lugo Monumental. Ata o día 17 de marzo, A Adegas, Santuario de Magnus, Restaurante Antas, 101 viños e Orixe do Campo impulsan unha ruta que permite degustar cinco diferentes tapas de cocido.

Os locais ofrecen a mesma base (verdura, pataca e garavanzo) e cada un deles unha carne distinta. Cada tapa terá un custo de tan só 3 euros e os clientes que proben as tapas dos cinco locais poderán participar nun sorteo. A orixinal

iniciativa de cinco locais da Praza do Campo converterá esta simbólica localización da cidade no punto central da ruta.

Ademais, os clientes poderán participar nun sorteo con diferentes premios. O primeiro consiste nunha visita guiada a unha adega da Ribeira Sacra, o segundo recibirá un lote de cervexas e o terceiro un lote de viños. Para poder participar no sorteo, os clientes deberán obter un folleto da ruta, dispoñible nos cinco locais, e selalo en cada un deles ao consumir a tapa. Só se aceptarán para o sorteo os folletos que conteñan os cinco selos.

O cemiterio municipal de San Froilán volverá ter enterros polas tardes

O cemiterio San Froilán volverá acoller enterros polas tardes tras case catro anos nos que estaba restrinxida ao horario de mañás. A falta de persoal no servizo público era unha das eivas, segundo sinalan dende o Concello, para poder restablecer o horario habitual. Deste xeito, os enterros celebraranse de 10.00 a 14.30 e de 15.30 a 18.00 ou a 19.00 horas. Así dáse resposta ás demandas dos lucenses, que aseguraban que o horario reducido provocaba máis gastos para as familias e dificultaba a asistencia aos funerais, queixas que foron trasladadas dende a Federa-

ción de Veciños Lucus Augusti. O colectivo lembraba que a medida supoñía que para poder asistir a un enterro dun familiar ou un amigo, tiñas que pedir a mañá libre no traballo ou non podías asistir. Ademais, as familias tamén resultaban prexudicadas xa que, cando unha persoa falece, "ao medio día dita celebración tense que demorar un día máis, para poder celebrar o enterro pasadas as 24 horas do seu falecemento". Isto supón, segundo a federación, que a familia teña que pagar un día máis polo uso do tanatorio, ao non poder realizalo ao día seguinte pola tarde.

A Protectora enfrenta ao PP co Goberno local

A situación da Protectora converteuse nunha cuestión clave no último pleno municipal. O Partido Popular afea ao BNG que optase por apoiar ao seu socio de goberno en lugar de dar solución a un problema que leva moitos anos enquistado. "O BNG vota en contra da proposición presentada polo PP sobre a protectora de animais a pesar de ter votado a favor o mesmo texto na Deputación Provincial", recordan dende o grupo municipal.

Deste xeito, os populares preguntáse que leva ao grupo do BNG a votar en diferente sentido en cada unha das administracións locais nas que este grupo presentou a mesma proposición. "Cando o Partido Popular presenta unha iniciativa que busca

solucionar o problema da protectora, enquistado dende hai anos, o BNG que na Deputación considerou oportuno apoiar esta iniciativa, no Concello opta por votar en contra para manterse no sillón do goberno". Denuncian, deste xeito, que coa actitude do BNG amosa "que empregan á Xunta como un ariete cando lles interesa atopar un culpable para os problemas da cidade". Sinalan que o grupo municipal presentaba unha iniciativa para impulsar de xeito urxente un proxecto de regularización e ampliación coa implicación de todas as administracións, amosando a dispoñibilidade da Xunta de Galicia a asumir parte dun proxecto que se encadra dentro das competencias municipais.

Morera
Tu tienda gourmet

JAMÓN IBÉRICO DE JABUGO
TABLAS DE IBÉRICO
TABLAS DE QUESOS
VARIEDAD EN VINOS Y DULCES
BOCADILLOS DE IBÉRICO

Doctor Castro nº 15. 27001 Lugo / Telf.: 982 873 859
tienda@moreragourmet.es / moreragourmet.es

Porque papá se merece el mejor regalo...

Librería **Troll**

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Síguenos en  

Xuventude presenta as actividades do semestre

O coidado do medio ambiente, a saúde persoal e a aposta por incentivar o pensamento crítico son os principais eixes vertebradores do novo programa dirixido á mocidade lucense, de entre 14 e 35 anos, para os meses de febreiro e marzo e o segundo trimestre do ano. O concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, presentou este extenso programa, composto por máis dunha ducia de iniciativas, totalmente gratuítas, nas que poderán participar un total de 468 mozos e mozas do municipio.

Achegar a contorna natural é un dos obxectivos que se leva a cabo a través de rutas de sendeirismo e mediante unha visita enoturística e, como novidade, “introducimos a primeira liga de oratoria, nunha clara aposta por incentivar o pensamento crítico e a participación cidadá neste rango de idade”, explicou o edil. Tamén haberá un obradoiro medioambiental no mes de abril, coincidindo co Día Mundial da Terra, que incluírá unha recollida de plásticos pola Reserva da Biosfera Terras do Miño; así como formacións de caracterización de efectos especiais; revisión e mantemento de bicicletas e vehículos de mobilidade urbana; ou un obradoiro de comunicación baixo o título Dereito Humano á Agua. A mala xestión dos recursos naturais, impartido pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social.

As inscricións para as diferentes actividades atópanse abertas a través da web Paralelamente, manteranse as Asesorías Xuvenís que son gratuítas e confidenciais. A xurídica será os luns, de 19.30 a 21.00 horas e a psicolóxica, os mércores, de 18.00 a 22.00 horas. As clases de zumba serán do 19 de febreiro ata o 10 de xuño na Casa da Xuven-

tude, cada luns de 20.15 a 21.15 horas; mentres que as de ioga impartiranse os mércores de 20.15 a 21.15 horas dende o 1 de marzo ata o 14 de xuño. O curso de cociña tamén se organizará os mércores de 17.00 a 19.00 horas, na Casa da Xuventude, dende o 6 de marzo ata o 29 de maio.

Pola súa parte a visita enoturística á Ribeira Sacra será o 16 de marzo con saída ás 15.00 horas dende a Casa da Xuventude. Organizaranse tres rutas de sendeirismo que comezarán o 23 de marzo coa travesía Vales do Lóuzara e o Lor pola Serra do Courel. O 27 de abril terá lugar a ruta de montaña e glaciari-smo: Vales glaciares de Manzaneda e o 1 de xuño o Camiño natural do Cantábrico.

O 13 abril haberá unha actividade de ioga en Ruta. A última destas propostas será o 4 de maio coa actividade O Bosque Comestible, unha ruta e taller de plantas comestibles e medicinais. Os amantes do medio ambiente teñen outra cida os días 20 e 21 de abril cun obradoiro medio ambiental organizado Casa da Xuventude, xornada na que tamén haberá unha recollida de plásticos pola Biosfera Terras do Miño.

Por último, o programa contempla a primeira edición da Liga de Oratoria Intercentros, unha iniciativa que serve para promover as habilidades de oratoria, pensamento crítico e traballo en equipo. Conta con tres categorías, dirixidas a alumnos de 3 e 4 de ESO, a estudantes de 1º e 2º de Bacharelato e a alumnado de estudos de grao e posgrao da universidade. A inscrición permanece aberta ata o 15 de marzo e poderanse formar 16 equipos de 4 persoas para cada categoría. As competición Terán lugar o 10, 11 e 12 de maio.

O BNG desenvolve unha iniciativa para defender o Campus de Lugo

A Parlamentaria electa do BNG por Lugo, Montserrat Valcárcel, explicou que “unha vez constituído o Parlamento, o BNG presentará unha iniciativa para defender a singularidade das titulacións, estudos e investigacións a realizar no Campus de Lugo”. No DOG do 8 de febreiro de 2024 aparece, disposto pola Xunta de Galicia, a acreditación como Campus de especialización do Campus Auga da Universidade de Vigo en Ourense. Nesta Orde ditada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vese claramente “a intención de potenciar a oferta formativa deste Campus en torno á especialización agraria e alimentaría ata agora concedida ao Campus Terra da USC situado en Lugo”.

“Resulta especialmente chamativo que no apartado de docencia exista unha duplicidade de titulacións que ata o de agora nunca fora permitida pola Xunta de Galicia” asegurou Valcárcel, e sinalou que “é unha decisión da Xunta de Galicia e demostra que o PP de Ourense ten moito máis poder que o de Lugo para levar a cabo as titulacións que estaban establecidas no Campus de Lugo”.

Ademais, di que a renovación do mapa de titulacións do sistema universitario galego estaba en pausa “tal e como manifestou o propio Conselleiro e mesmo o Reitor da USC”. Neste DOG dáse, por parte da Xunta, vía libre ao Campus de Ourense para albergar novos títulos de grao “que poderían entrar en conflito coas titulacións do Campus Terra situado en Lugo”, denuncia.

Montserrat Valcárcel concluíu que “de cara ao establecemento de novas titulacións e estudos de diferentes graos é preciso contar recursos propios do Campus que non apare-



cen sinalados no DOG. Foron diferentes institucións e axentes, entre eles o propio PP, os que manifestaron a necesidade de que o Campus Universitario de Lugo contase, en exclusiva, cun carácter diferenciado e exclusivo dentro do sistema universitario galego”.

MOVIMENTO CÍVICO. Dende o Movemento Cívico Campus Lucense solicitan o posicionamento de Elena Candia con respecto á situación de crise do Campus da cidade.

Deste xeito, botan de menos a defensa por parte da política “con algo

similar a ese metafórico golpe na mesa que facía tremar a Fraga en Santiago, que neste caso nin sequera é para impoñerse a Ourense, senón para esixir dignidade, e que non nos quiten o que xa é noso”. Para eles as duplicidades non son boas para ningunha das dúas universidades, “sendo un despropósito estratéxico para o futuro de ambas”. Dende o Movemento Cívico Campus Lucense van a seguir defendendo os dereitos de Lugo, esixindo a singularidade para as titulacións, o cambio do número mínimo de 45 alumnos e que non haxa duplicidade de titulacións.

LABORATORIO SEN DISCAPACIDADE



A Aula TIC-Pemes (ATP) da Facultade de ADE do Campus de Lugo da USC bota a andar unha proposta de orientación social. Trátase do proxecto Troia Mentoring, a través do que se busca habilitar novas pasarelas cara ao emprego e a inclusión activa para colectivos en riscos de exclusión, tal e como son as persoas con discapacidade e síndrome de Down.

Debaten as necesidades do comercio

O presidente da Federación de Comercio de Lugo, José María Seijas, mantivo un encontro coa alcaldesa, Paula Alvarellos, para tratar sobre as propostas e demandas do colectivo a nivel local. Así, entre outros asuntos, trataron a necesidade de medidas para potenciar tanto o comercio establecido como a renovación xeracional e o emprendemento; así como a realización de campañas de concienciación para que os consumidores realicen as súas compras no comercio de proximidade da cidade. Seijas tamén lembrou á alcaldesa a necesidade de reactivar a Mesa Local de Comercio e facilitar os trámites burocráticos, así como impulsar programas de promoción do produ-



to autóctono e artesanal; de formación dos autónomos e profesionais do sector comercial; de renovación e modernización dos establecementos; melloras no urbanismo comercial e traballar no impulso do bino-

mio turismo-comercio. Na reunión abordaron a complicada situación do comercio do centro histórico debido ás obras que se están acometendo e cuxa prolongación afecta negativamente ás vendas.



OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Preséntase o programa da Semana Santa, que empeza o 16

O Goberno galego renovará un ano máis os apoios que destina á Semana Santa de Lugo, declarada de interese turístico de Galicia e cuxa programación presentou este xoves na Catedral o presidente da Xunta de Confrarías, Ramón Basanta, e o vicario xeral da Diocese de Lugo, Mario Vázquez. O acto contou tamén coa participación da secretaria territorial da Xunta en Lugo, Marta Barreiro, quen agradeceu “o traballo desinteresado dos responsables e de todos os membros das Confrarías”,

Barreiro lembrou que o labor das confrarías ten unha dimensión “espiritualmente relixiosa, repercute favorablemente na dinamización económica e social da cidade”. A Xunta colabora tamén na conservación do patrimonio monumental relixioso da cidade e actualmente executa obras de restauración na Capela da Soidade, ás que destina case 186.000 euros. O obxectivo é corraxir as filtracións de humidade que danaban a estrutura e ameazaban os elementos interiores, entre eles dúas das tallas máis emblemáticas da Semana Santa lucense, a Virxe da Soidade e o Cristo Xacente.

Pola súa parte, tamén participou o



deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A Deputación achega 12.000 euros á Xunta de Confrarías para a celebración dos actos e a posta en valor desta cita relixiosa que aspira a ser Declarada de Interese Turístico Nacional. Pablo Rivera eloxiou o traballo das Confrarías por sacar adiante un programa de actos atractivo que conxuga “aspectos relixiosos cos culturais nunha oferta consolidada xa como un dos grandes aliados turísticos de Lugo e do conxunto da nosa provincia”.

Felicitou o Deputado á Confraría do Bo Xesús que cumpre 75 anos e “é todo un símbolo da vitalidade da Semana Santa lucense”, unha celebra-

ción que destaca “pola singularidade de pasos como o das Caladiñas, ou o da Virxe da Esperanza, atraendo cada vez a máis visitantes”. De aí, a importancia do apoio económico da Deputación a esta celebración, remarcou Pablo Rivera, quen subliñou así mesmo que, por cada euro que inviste a institución provincial en patrocinios vinculados co turismo, “xérase un retorno de 100 euros”. A Semana Santa de Lugo arrincarará o 16 de marzo cun concerto da Banda Filarmónica de Lugo, e o 18 de marzo terá lugar o pregón a cargo do sacerdote e secretario xeral adxunto da provincia eclesiástica de Madrid, Andrés Ramos Castro.

Verbena, pasacalles e animación infantil, nas festas das Gándaras

O barrio das Gándaras celebra do 15 ao 19 de marzo as súas festas na honra de San Xosé, nas que colabora un ano máis a Xunta de Galicia. A secretaria territorial de Lugo, Marta Barreiro, participou na presentación das actividades xunto con representantes da organización.

O programa inclúe verbenas a cargo de diferentes orquestras entre as que figuran París de Noia, que actuará o venres 15 pola noite, Marbella, New York, Escapate e Acordes. As celebracións darán comezo o venres 15 de marzo ás 21.30 horas co certame de tunas e a presentación a cargo de Javier Prado Vázquez, tuno de Veterinaria de Lugo e presidente da Casa Galicia de Madrid. A verbena comezará ás 22.00 horas da man do DJ Miron e coa orquestra París de Noia.

A programación do sábado 16 será a partir das 11.00 horas con pasacalles coas tunas que participarán no certame. Ás 12.45 horas as tunas actuarán na residencia de maiores e a sesión vermú será

ás 14.15 coa charanga Os Tamega. A partir das 20.30 horas, as tunas actuarán no campo da festa e a verbena da man de Marbella e New York comezará ás 22.00 horas.

O domingo 17 as celebracións darán comezo ás 11.00 cun pasacalles para continuar ás 13.30 coa misa solemne. A sesión vermú coa orquestra Acordes dará comezo ás 14.30. Xa pola tarde, ás 17.30 haberá unha festa infantil e a verbena, que será ás 21.00 horas coa orquestra Acordes, poñerá punto e final á xornada. A xornada do día 18 estará dirixida aos máis cativos que poderán gozar dos carruseis a partir das 17.00 horas.

O martes 19 a celebración comeza ás 13.00 horas coa misa na honra a San Xosé e sesión vermú da man de Escapate a partir das 14.00 horas. Pola tarde, organizaranse xogos populares e unha churrascada veciñal a partir das 20.30. A orquestra Escapate será a encargada de amenizar a última noite das festas.



¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!


El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

Servicios relacionados con el Kit Digital:

- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · www.aitorsl.com



Vilachá de Mera organiza as súas festas patronais o 23 e o 24 de marzo

Vilachá de Mera, en Lugo, celebra as súas festas na honra a San Xosé os vindeiros sábado 23 e domingo 24 de marzo con misa solemne, sesión vermú e verbenas.

O sábado as celebracións darán comezo ás 13.30 cunha misa solemne para continuar cunha sesión vermú e verbena xa pola noite cargo das orquestras Stereo e Cinema, que serán as encargadas de encher de música o campo da festa.

O domingo 24 a misa solemne terá lugar tamén ás 13.30 horas e a continuación unha sesión vermú co dúo Eclipse. Dende a organización recordan que o campo da festa estará cuberto con carpa.

Unha tractorada colapsa o centro de Lugo contra a PAC e os decretos

Baixo o lema de "A PAC e os decretos maltratan aos galegos" celebrouse unha nova mobilización agraria que partía da explanada da Xunta de Galicia para concentrarse diante da Subdelegación do Goberno. Lugo é unha das localidades nas que as organizacións agrogandeiras galegas convocaban concentracións "Polo futuro do sector produtor" para esta xornada, que comezou na cidade sobre as 11.30 horas coa saída dos tractores pola Rolda da Muralla.

Trátase dunhas mobilizacións, organizada polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), a Asociación Agraria de Galicia (ASAGA) e Unións Agrarias (UUA), coas que o agro demanda ás administracións públicas a nivel galego, estatal e europeo unha táboa reivindicativa



conxunta a fin de que se activen urxentemente medidas que garantan prezos xustos polos produtos agrarios, a racionalización das cargas burocráticas ás explotacións, a paralización dos tratados de libre comercio ou a adaptación dos ecoesquemas e da PAC á realidade da agricultura

e ganaría galegas, entre outros. "As PAC débese pensar dende as explotacións e para as explotacións", sinalaba José Ramón González de Unións Agrarias. Esixen, deste xeito, medidas nas que se teña en conta ao rural e non "que se fagan unicamente nun despacho".

Orzabai prepara unha ruta cabalar para o 30

Os amantes do mundo equino teñen unha cita o sábado 30 de marzo en Orzabai, na primeira ruta cabalar, que comprende un percorrido duns 20 quilómetros polos arredores do monte Segade cara Ombreiro e Friol. O programa comeza ás 9.00 horas cuns cafés de balde para todos os participantes, aínda que a saída do percorrido será a partir das 10.00. Os asistentes tamén poderán gozar de pinchos a media mañá e dunha sesión vermú a cargo do grupo Jaque que amenizará a xornada despois da ruta sobre ás 13.30 horas.

O menú ten un prezo de 25 euros e de 10 para os menores. Á comida, na que contan cunhas 130 persoas, poderán anotarse todos os que así o desexen, aínda que non participen na ruta. A música continuará pola tarde de novo da man do grupo Jaque e tamén se organizarán sorteos.

SAN XOÁN DE PENNA

"Os colectivos son necesarios para manter os vínculos na comunidade"

A asociación de veciños San Xoán de Pena recuperou a Feira do Entroido de Nadela

A pouco máis de 7 quilómetros de Lugo atópase San Xoán de Pena, unha parroquia de Nadela formada por uns case 150 veciños que intentan darlle vida ao núcleo a través da súa asociación, que botou a andar cun propósito claro. "Naceu co obxectivo de que cando haxa que facer algunha reclamación dalgún servizo, algunha solicitude ou trámites coa administración que teñan máis forza se se fai colectivamente que se vai cada un de forma individual", conta o presidente, Adrián Gómez.

Comezaron a traballar no ano 2016, aínda que o colectivo estivo "un período practicamente inactivo e tamén colleu a época da pandemia". Agora cunha directiva renovada, ganas e esforzo non lles faltan para "tratar de aportarlle un pouco de dinamismo á zona". Xunto con Adrián atópanse á fronte, Pablo Fernández como tesoureiro e Tani Rodríguez como secretario. Todos eles son conscientes da im-

portancia que teñen comunidades coma a súa. "É algo moi positivo porque hoxe en día os traballos comunitarios foron desaparecendo e ao mellor pasan semanas, meses ou mesmo anos e veciños que viven a menos dun quilómetro non se ven. Entón ter simplemente ter unha pequena xuntanza, convocar e organizar algún tipo de acto ou festa é moi importante para manter os vínculos".

Entre as últimas iniciativas da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de San Xoán de Pena está a tradicional Feira do Entroido de Nadela, que lograron recuperar no mes de febreiro. A gastronomía, o baile e o desfile de disfraces foron os pratos fortes da xornada, na que o bo tempo axudou a volver a poñer no calendario unha cita que levaba catro anos sen celebrarse. "A última que se organizou foi no 2020 da man da asociación Carballeira de Nadela. Este ano tivemos unha reunión cos veciños

en novembro e falámolo, a idea foi ben acollida, tiramos para adiante e resultou ser un éxito", detalla o presidente.

MANTER O MERCADO

Decenas de asistentes achegáronse ata o mercado a comprar produtos de tempada e animaron a que se converta de novo nun evento habitual. "A idea é continuar polo menos mentres teñamos o apoio das institución que é fundamental". Precisamente, recoñecen que a axuda por parte das administracións públicas resulta imprescindible para manter o seu labor. "E máis este ano que era a primeira vez que a organizabamos, tiñamos e temos a conta practicamente

a cero. Ao non haber fondos, sen apoio é imposible".

Xunto co mercado, queren ofrecer máis actividades para a veciñanza, aínda que precisan un local social. "Esa é unha das eivas que temos, sempre hai que depender de que un bar nos deixe un sitio para as reunións ou facelas ao aire libre. Entón estabamos mirando se puidésemos solicitar algún espazo para poder facer algún obradoiro ou clases de ximnasia, por exemplo", explica Gómez.

ESTENDER A TRAÍDA

Xunto con esta demanda, piden "estender un pouco máis a traída de auga que actualmente chega aínda non á metade dos veciños,

soamente a Nadela e a unhas casañas máis". Outra das reclamacións máis urxentes da parroquia é implantar unha rede de saneamento, porque "moitos problemas de contaminacións de pozos veñen de non ter unha rede en condicións para poder evacuar as augas residuais".

Polo momento, están pendentes de organizar unha xuntanza para trasladar as necesidades e presentar de forma máis formal as peticións do seu núcleo, que ten moito que ofrecer. "A nivel patrimonial destacan os restos da igrexa antiga e tamén a actual que ten partes da antiga que é de orixe altomedieval, aínda que falta por investigar máis", conta Adrián. O entorno do que a veciñanza pode gozar tampouco pasa desapercibido. "Somos unha parroquia que está na ribeira do Miño, consérvanse carballeiras e non hai grandes plantacións de eucaliptos nin de piñeiros. Consérvase unha paisaxe bastante natural que é cada vez máis difícil de ver".



A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa Mariña de Torible

Os regatos, as fontes e unha pequena igrexa compoñen a xeografía centenaria desta zona

A pouco máis duns 15 quilómetros da cidade atópase a parroquia de Santa Mariña de Torible, situada entre os montes de Pena tío Lobo, Carpaceiras e Pena da Lebre e que limita coas parroquias de Vilalvíde de Friol ao norte, con San Xulián de Vilachá de Mera ao sur, ao este con Santa María Alta e ao oeste con Vilafiz do municipio friolés.

Percorrer unha das freguesías máis pequenas e máis illadas do concello de Lugo, composta por unha vintena de veciños, supón toda unha viaxe no tempo, xa que os anos parecen deterse nesta pequena poboación na que a pedra e a riqueza natural dominan a estampa.

Para poder chegar dende Lugo, é preciso coller a estrada de



Friol, por San Vicente do Veral e Santa María Alta. Nunha baixada tócese á esquerda por unha pista e a un quilómetro encóntrase o Carballo Grande, que leva preto de cinco séculos dando sombra á veciñanza. A cantería de granito orixinal e as cubertas con lousas permanecen en practicamente todas as construcións, que foron case todas elas restauradas nos últimos anos, un traballo que evidencia que non hai tanto a aldea gozaba da sorte de ter un artesán entre os seus habitantes, encargado deste tipo de labores. Os hórreos e os alpendres tamén son comúns en cada unha das residencias da aldea, o que trae

aos nosos días o pasado gandeiro e agrícola de Torible, vinculado directamente coa venda de gando na feira de Friol. Na baixada da pista de Torible de Arriba encóntrase un lavadoiro público e cuberto construído na década dos 60. A xeografía do núcleo acaba de compoñerse por numerosos bancos e tres fontes: a Fonte das Fontes nunha carballeira por enriba da igrexa, a Fonte da Aldea de Abaixo e a Fonte do Carballo. Precisamente, a riqueza natural do lugar destaca por abundantes regatos de auga que secan en función da tempada, agás o río Balsa que nace no monte Curisca-da, cruza a estrada de Lugo a Friol

ata desembocar no río Narla. A igrexa parroquial de Santa Mariña de Torible non chama a atención polo seu tamaño. Trátase dun sinxelo e pequeno templo rural, de planta rectangular, co cemiterio ao seu redor, pero ben proporcionado. Recolle o testemuño do resto de construcións de pedra da zona a través dos seus muros de granito, cuberto de lousa a dúas augas na nave e a catro no presbiterio e espadana con dous vanos e dúas campás. Esta capela tradicional, xunta coa natureza e o pasado centenario acaban por definir o encanto rural desta parroquia que parece perdida no tempo.

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Culmina a demolición do Garañón, que será unha nova zona verde



O Concello de Lugo recibiu a obra de derriba e acondicionamento da parcela do Garañón. Coa culminación deste proxecto, que supuxo un investimento municipal de 578.035 euros, o Executivo local avanza no cumprimento do seu compromiso para converter este espazo nunha nova zona verde. “Estamos máis preto de lograr o noso obxectivo de crear un novo pulmón que dea continuidade ás Costas do Parque e ao parque de Rosalía de Castro, ampliando así o cinto natural da trama urbana”.

Lograr que este espazo se converta nunha zona verde “repercutirá nun aumento da calidade de vida da ve-

ciñanza e contribuirá a poñer en valor unha das localizacións máis emblemáticas da nosa cidade”, sinalou a alcaldesa.

Unha vez verificado por parte dos técnicos municipais que os traballos se executaron de forma correcta, procedeuse á firma da acta de recepción cos representantes da empresa concesionaria e a dirección facultativa da obra. A rexedora mostrouse satisfeita pola culminación desta fase do proceso e avanzou que neste momento o Concello está a tramitar a modificación puntual da unidade Urpi-58 do PXOM, o que permitirá que o futuro parque sexa posto ao dispor da cidadanía.

O PP esixe a posta en marcha do sistema de recirculación de auga

Tras coñecer que o Concello formará parte do proxecto I-Rewater, co que aportará auga rexenerada do Ciclo da Auga para enviala, posteriormente, a zonas de secaño para a rega, dende o Grupo Municipal do PP recórdanlle á alcaldesa que o propio concello leva anos “malgastando recursos” xa que se emprega auga potable para a regar de xardíns ou baldeo de rúas, entre outros, traballos nos que se pode empregar auga depurada.

O concelleiro popular Antonio Ameijide recorda que nos últimos anos pediron en numerosas ocasións que se empregase auga depurada para traballos nos que se pode empregar, ademais de pedir a posta en funcionamento do sistema de recirculación da auga da depuradora para garantir o caudal ecolóxico de Miño, “algo ao que o seu goberno sempre se negou”. Ameijide afirma que lles pare-

ce ben o proxecto, pero ven un “profundo descoñecemento da alcaldesa do que ten entre mans e dos medios do concello”, xa que Lugo con cun sistema punteiro de recirculación da auga dende hai máis dunha década, que custou millóns de euros e que “nunca se puxo en marcha”.

“Claro que está ben levar a auga onde se necesita”, explicou, ao que engade que “tampouco estaría mal dar exemplo e usala en Lugo, onde se emprega auga potable para baldeo de rúas, rega de xardíns...”. Con este sistema, que se comezou a instalar en Lugo no ano 2008, o municipio daría un dos mellores exemplos posibles “regulando o uso da auga potable para uso humano, deixando a auga depurada para outros fins como a rega, o baldeo das rúas ou mellorar a imaxe do río devolvendo a auga río arriba”.

O barrio da Abella albergará a nova comisaría da Policía Nacional

A nova comisaría da Policía Nacional situarase no barrio da Abella. Así o anunciou a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, que recordou que o ofreceron dende o Concello dúas parcelas que reúnen as características necesarias para acometer a nova edificación da comisaría conforme aos estándares marcados pola División Económica e Técnica da Policía Nacional. Trátase dun terreo na rúa Orquidea, en concreto na súa confluencia con Aquilino Iglesia Alvarellos, de 2.117 metros cadrados catalogado como solo para equipamento. “Deste xeito, cumprimos o noso compromiso de levar a nova comisaría á zona norte da cidade”, asegurou Alvarellos.

Pola súa banda, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, recordou que a comisaría de Lugo é unha obra prioritaria para o Executivo central. “Hoxe é un punto de partida. Non hai volta atrás. Trátase dun reto ambicioso no que non imos escatimar nin esforzos, nin recursos”, indicou Blanco, que destacou a óptima situación da parcela para albergar esta nova sede xa que segundo



valoraron os técnicos dispón de acceso fácil e cómodo para as persoas usuarias e de comunicación rápida e áxil para a prestación dos servizos policiais ligados á seguridade cidadá. Para Blanco supéranse “anos de atrancos e de marchas atrás que non se merecen esta cidade nin moito menos a Policía Nacional”. Apostan, deste xeito, por un edificio novo e “non por solucións peregrinas que pasaban por reformas de edificios doutras administracións. Un parche que non fixeron en case 20 anos. O que hoxe presentamos é unha solución de futuro e de consenso”, concluíu.

Antes de rematar, Alvarellos Fon-

do manifestou que a súa vontade de que o novo proxecto sexa unha realidade no menor tempo posible. “Agora mesmo estamos a estudar que fórmula é a máis áxil para realizar o trámite de cesión e poñer este terreo ao dispor do Ministerio para que así a nova comisaría de Abella poida ser incluída no Plan de Infraestruturas para a Seguridade do Estado vixente e comezar canto antes o proceso de licitación deste tan necesario proxecto”, dixo.

Dende o PP amosan a súa preocupación pola falta de concreción do anuncio, xa que no mesmo non figuran prazos de execución nin partidas orzamentarias.

Piden á Xunta as vellas instalacións de Aspnaís para as asociacións

Paula Alvarellos visitou as instalacións de Aspnaís acompañada pola responsable da área de Cohesión Social, Ana Aballeira, e pola edila de Relacións Institucionais, Lara Méndez, puido coñecer de primeira man como se desenvolve a actividade diaria deste colectivo na súa actual sede situada no antigo hospital de San José.

As novas instalacións, cuxo proxecto técnico foi financiado polo Concello de Lugo, están en funcionamento desde finais de 2022. Esta mundanza permitiu a este colectivo social non só unificar os seus servizos, senón tamén duplicalos, gañando un novo espazo de 10.000 metros cadrados, con capacidade para atender a 300 persoas.

A rexedora, que compartiu tempo con distintos grupos de persoas usuarias do centro, felicitou a Aspnaís polo seu excepcional labor. “A vosa traxectoria constitúe todo un referente de como a vontade e

o compromiso da veciñanza pode contribuir á integración social e laboral. Desde fai máis de medio século, día a día, cunha gran dedicación, lograstes mellorar a calidade de vida e favorecer a integración das persoas con diversidade funcional”, sinalou a alcaldesa.

Así mesmo, Alvarellos Fondo reiterou o compromiso do executivo municipal con esta causa. Neste sentido, a rexedora lembrou a necesidade de poñer, de forma íntegra, ao dispor dos colectivos lucenses as antigas instalacións da Asociación de Pais ou Titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo, situadas na rampla de Claudio López. “Trátase dunha demanda particular do tecido social da que desde o Goberno local apoiamos desde o primeiro momento e da que nos estamos facéndonos eco sen atopar unha resposta concreta por parte do Goberno autonómico”, concluíu.

Os populares queren cambiar o deseño das liñas de autobuses

Tras analizar o informe da comisión de suxestións onde figuraban varias queixas para pedir melloras nas liñas de autobuses urbanos, dende o PP aseguran que comprobamos como o BNG recoñece que estudará posibles alternativas. “Resulta chamativo que negasen de forma contundente e reiterada que o transporte urbano non se adaptaba ás necesidades dos lucenses e agora recoñecen que é necesario a súa reorganización”.

Solicitaron que se realicen os traballos oportunos co fin de minimizar os danos no itinerario alternativo durante as obras do casco histórico e polas respostas que se ofreceron se confirma que “seguimos sen unha folla clara de planificación e una falta de transparencia que afecta sobre todo ao pequeno comercio que segue sendo o máis esquecido”. Os populares lamentan a falta de traballo do goberno local en cuestións como os problemas de inseguridade viaria na rúa Monte Pena Rubia no barrio de Casás xa que, despois de tres meses con problemas e logo de que a Xunta ofrecese a súa colaboración e traballar de forma coordinada, o Concello non deu aínda ningún paso.

Os traballos na rúa Ramon e Cajal destapan restos dun muro romano

No transcurso dos traballos de humanización e peonalización da rúa Ramón e Cajal enmarcadas no proxecto Corazón Verde, foron descubertos restos arqueolóxicos de orixe romana. Trátase de varios tramos de muro de cachotería de lousa. Este achado, que estaba previsto debido a que son continuidade dos ámbitos escavados con anterioridade na mesma rúa, algún dos cales se identificaban con dous hipocaustos romanos, non afectan en absoluto ao desenvolvemento das obras, xa que os labores continuarán, baixo un estrito control arqueolóxico por outra zona desta vía mentres os técnicos proceden a limpalos, estudalos e ditaminar a súa relevancia arqueolóxica.

Neste sentido, a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, destacou o valor que este tipo de restos teñen para a cidade. "A aparición de restos arqueolóxicos deste tipo supón unha excelente noticia para Lugo. Os técnicos estudarán agora este material para dilucidar a súa relevancia. Como vimos demostrando con outras xoias romanas, como a Cloaca ou a Casa dos Mosaicos, a vontade do noso Executivo é traballar para documentar o noso patrimonio, xa que supón unha oportunidade para todas e todos os lucenses polas posibles repercusións culturais e dinamizadoras que a súa conservación implica para Lugo", sinalou a rexedora.

PLAN DE ESCAVACIÓNS. O PP propón que o Concello lidere un plan de escavacións e que financie as prospeccións arqueolóxicas nos solares e locais do casco histórico. Ramón Cabarcos explicou que esta proposta debería enmarcarse dentro dunha estratexia máis global para xestionar o patrimonio cultural de Lugo que incluíría a protección, conservación



Abre a antiga cloaca

O xacemento arqueolóxico coñecido como Sub Terra Aquae cos restos dunha cloaca romana da antiga Lvcvs Avgvsti xa pode visitarse. Os restos que foron restaurados na parte posterior da sala Porta Miñá, no barrio do Carme, poden visitarse, polo momento, nun horario reducido. Os interesados poden achegarse ao xacemento de martes a domingo de 12.00 a 13.00 h e de 17.00 a 18.00 h.

A construción da cloaca dátase a partir de mediados do século IV grazas a unha moeda acuñada entre 341-346 d.C., que foi achada na gabia de cimentación. Para a construción aproveitouse a pendente natural do terreo que facilitaba a drenaxe e a evacuación das augas residuais deste sector da cidade,

e promoción do noso pasado. Deste xeito, o Partido Popular presenta unha iniciativa a pleno para que o Concello interveña de oficio xestionando axudando no financiamento das escavacións nos solares e nos locais que os propietarios poñan a súa disposición para que poidan planificar o futuro das parcelas. O

desde o Foro ata a súa saída por Porta Miñá, a través dun percorrido duns 460 m, para ir desembocar finalmente no río Miño. A cloaca discorría baixo o pavimento do decumanus maximus, encaixada nunha gabia escavada no terreo natural.

As paredes de lousa teñen un grosor medio duns 45 cm, sobre as cales apoia unha bóveda de medio canón construída mediante unha cimbra autoportante apoiada na parte superior dos muros. Para controlar a velocidade da auga e a acumulación de refugallos sólidos, os enxeñeiros romanos engadiron durante o percorrido unha serie de elementos que garantían o seu bo funcionamento, como pequenas barreiras, chanzos ou saltos hidráulicos

concelleiro popular Ramón Cabarcos explicou que agora mesmo hai sistemas que permiten verificar hai algún achado de interese que haxa que preservar e así abordar a xestión do patrimonio cultura na cidade co obxectivo de obter beneficios tanto en termos de coñecemento histórico como de desenvolvemento urbano.

Lugo Monumental pide maior control das obras

Dende a asociación Lugo Monumental piden máis control das obras en Lugo e máis e persoal para cumprir os prazos. Por este motivo, rexistrarán este martes unha petición para que se vivie o prazo de execución de semana en semana e para que se publiquen cada sete días unha análise e unha proxección dos traballos para saber se se poderán completar en tempo e forma e, de non ser así, "que se reclamen ás empresas máis medios". Dende o colectivo amosan o seu malestar pola fuga de gas deste luns en Santo Domingo que non causou ningún danos e, aínda que os accidentes poden ocorrer, "non é a primeira vez que hai problemas coas canalizacións de gas, na Rúa do Teatro xa houbo un incidente similar". Para eles esta sucesos mostra "unha preocupante falta de información que parece ter a Administración á hora de facer as obras, o que é re-

chamante porque as instalacións de canalización de gas son relativamente recentes e a Praza de Santo Domingo foi reconstruída completamente a mediados dos 80 ao instalar o aparcamento subterráneo municipal".

Dende o colectivo tamén denuncian unha reacción tardía e falta de información por parte dos corpos de seguridade. "A tardanza da policía en acudir á zona, de máis de media hora, fixo que fosen os bombeiros os que tivesen que atender, ademais da propia fuga, a xestión do público, o que non parece razoable", aseguran. Ademais, tras solucionarse o problema, "non houbo contacto algún coa cidadanía para interesarse polos prexuízos causados, tanto polos peches dos negocios afectados como polo corte de subministración, que afectou a algúns locais de hostalería en pleno horario de comidas".

A brigada municipal atendeu unhas mil reclamacións veciñais

O tenente de Alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron ao persoal da brigada municipal de vías e obras, que durante o ano 2023 atenderon un total de 960 reclamacións veciñais. Arroxo destacou que "as preto de 1000 reparacións realizadas durante todo o ano proceden na súa maior parte de solicitudes da veciñanza, reparacións pequenas que melloran o día a día das veciñas e veciños de Lugo". A brigada de obras realizou o pasado ano un total de 251 intervencións na sinalización da cidade reparando ou substituíndo sinais ou

marcas viais, ademais, melloraron 76 tapas de rexistro que producían molestias á veciñanza por facer ruído ou estar soltas. Executáronse tamén 554 arranxos en vías públicas, tapando fochancas ou renovando partes das beirarrúas máis deterioradas. As 79 actuacións restantes consistiron en renovacións e instalacións de mobiliario urbano, como bancos ou aparcabiscis, e en outras reparacións.

"Esta brigada realiza un importante labor de reparación nas distintas infraestruturas do concello e no mantemento da cidade", explicou Arroxo.

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77

- **Campamento Semana Santa desde 37€**
- **Refuerzo escolar de todas las materias**
- **Idiomas, todos los niveles: Inglés, italiano, francés, alemán.**

FLORISTERÍA ROSE FLOR

Felicita a papá con flores!

DÍA DEL PADRE

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORIS Y PLANTAS A DOMICILIO



Remata a peonalización da rúa Isaac Díaz Pardo

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro Alexandre Penas, responsable de Infraestruturas Urbanas, visitaron o barrio de Recatelo, onde veñen de rematar os traballos da segunda fase da renovación integral da rúa Isaac Díaz Pardo. Rubén Arroxo declarou que esta actuación completa “unha fase importante da renovación integral do barrio de Recatelo, avanzando na creación dunha zona peonil que comunica o centro da cidade co Parque de Rosalía, e mellorando as instalacións públicas e a calidade de vida das veciñas e veciños”.

As obras que veñen de rematar consisten no segundo treito da obra, localizada entre as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, “un treito que por cuestións orzamentarias non puido incluírse na primeira fase

das obras”, explicou o concelleiro de Infraestruturas. Renovouse o saneamento e da recollida de augas pluviais, ademais das instalacións de alumado e telecomunicacións. A nova pavimentación da continuación aos treitos xa peonalizados na primeira fase, e conta tamén con novo alumado público.

Arroxo lembrou tamén que a Tenencia de Alcaldía continuará nos vindeiros meses realizando actuacións no barrio, como a renovación do Carril dos Loureiros, tal e como se acordou coa veciñanza, onde se habilitará unha plataforma única “que nun futuro poderá ser peonil”, ademais da renovación do muro de Frei Plácido Rei Lemos, que foi apuntalado a finais do ano pasado, e do que se realizará unha actuación integral de renovación.

O pleno municipal non deixa avanzar o proxecto da praia fluvial de Lugo

A praia fluvial continúa a ser unha das cuestións clave na cidade, como así se demostrou no último pleno municipal. Durante a sesión, Miguel Fernández, voceiro do Goberno local, asegurou que seguirán pelexando porque “a zona de baño sexa unha realidade”, pero que se trata dunha actuación para a que precisan a colaboración da Xunta de Galicia.

“A solución é que a administración que na práctica impide a instalación nos diga se é viable ou non nesa localización”, continuou Fernández. Pola súa parte, Elena Candia, líder do grupo municipal do Partido Popular, asegurou que para que a praia fluvial se leve a cabo é importante que traballen a Xunta, a Confederación, e Concello de maneira conxunta e acusa ao Goberno local de votar en contra do traballo conxunto destas institucións e así avanzar no proxecto. Os populares propoñían, a través

dunha emenda, que as distintas administracións con potestade sobre a conca fluvial traballaran conxuntamente para buscar a alternativa máis viable para que a cidade dispoña de zona de baño público. A voceira popular, Elena Candia, considera “inexplicables os argumentos do Goberno local para xustificar o seu voto” e cre que con esta acción “xustifican que só lles interesa para debate político”. A popular subliña que “ignoran o informe da Unesco”, que conclúe que “se pode poñer en risco a continuidade das distincións especiais da Unesco que atesoura o Concello de Lugo”.

O PSOE levou unha iniciativa ao Pleno na que instaba á Xunta a realizar unha prospección no río Miño, ao seu paso polo termo municipal de Lugo, para que determine en que lugar resulta viable habilitar a zona pública de baño dentro da área da cidade, segundo o seu criterio técnico.

Rexenerar os barrios Feijoo e A Milagrosa custará uns 10 millóns

A alcaldesa, Paula Alvarellos, priorizou co delegado do Goberno o proxecto elaborado para lograr que os barrios Feijoo e A Milagrosa sexan declarados como Contorna Residencial de Rehabilitación Programada. “Neste momento o Concello está ultimando a tramitación da memoria para validar a declaración de ERRP para este ámbito na Xunta de Goberno local”. Esta actuación permitirá optar ás distintas ordes de subvención que se convoquen, o que supoñería “unha inxección económica importante para poder materializar este proxecto con maior axilidade que se unicamente o facemos con fondos municipais”, sinalou a rexedora.

O custo conxunto estimado das intervencións deseñadas polo Executivo local ascende a 10.730.707 euros e implicaría tamén afrontar expropiacións por valor de 8’5 millóns para crear unha gran zona verde. O proxecto, elaborado polo estudo local GAU, inclúe tamén outras accións en rúas interiores para transformar os espazos existentes como a creación de diferentes bolsas de estacionamento. No ámbito privado, en toda a zona afectada computáronse 1.025 edificios, dos que 931 teñen uso residencial, o que supón o 90,84% do parque inmobiliario.

Neste sentido, a alcaldesa destacou a boa acollida que a iniciativa tivo entre as persoas propietarias e residentes destes dous barrios. De feito, dos 86 edificios analizados polo estudo municipal os propietarios de 69 estaría interesada en acollerse ao ERRP. En total son 353 construcións cuxa rehabilitación ascendería a 8.873.261 euros. “O éxito deste proxecto depende en boa medida da implicación das persoas propietarias e a sondaxe realizada apunta a unha gran implicación por parte da veciñanza. Por iso, tal e como xa lle trasladei a veciñanza, iniciaremos



Arroxo presenta os proxectos para a zona

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza con representantes da asociación SOS Milagrosa. Durante a xuntanza, Arroxo escoitou as demandas deste colectivo, e deulles información sobre os proxectos máis inmediatos que está a desenvolver a área de Mobilidade e Infraestruturas na zona.

O tenente alcalde valorou positivamente esta xuntanza “que nos permite coñecer de primeira man e cun ton cordial as propostas das veciñas e veciños da Milagrosa”. Nos últimos anos desde a área

de Mobilidade e Infraestruturas avanzaron “na mellora de todos os barrios da cidade, tamén na Milagrosa, con actuacións importantes no calmado de tráfico e na mellora de espazos urbanos, e tamén con iniciativas artísticas como o mural da rúa Mar Cantábrico”. Arroxo e Penas mostraron ás veciñas e veciños “o traballo avanzado na peonalización da rúa Milagrosa, un dos principais proxectos do orzamento deste ano na mellora dos espazos públicos da cidade e que permitirá continuar a traballar na comunicación peonil entre o centro e a zona norte”.

proximamente unha rolda de encontros co tecido social para explicar de primeira man o proxecto e incorporar as súas suxestións”, apuntou a alcaldesa.

PARTIDO POPULAR. O Partido Popular pide que se delimite a contorna de rehabilitación dos barrios da Milagrosa e Feijóo, xa que de non axilizar este trámite Lugo “podería perder os fondos europeos do plan estatal do ERRP (Entornos Rehabili-

tación Residencial Programados)”. Os populares tamén trasladan a necesidade dun plan de urbanización e revitalización do barrio da Ponte, reclamando o arranxo do acceso ao local social, un parque infantil e beirarrúas en puntos do barrio onde non existen. O deseño dun plan de turismo con novas rutas para atraer o turismo cultural, revistar os colxios electorais e mellorar a seguridade vial dunha pista en Bosende de Abaixo completan as demanda.


A Deputación arranxa as novas goteiras do Anexo tras as reformas

Tras a inauguración do Anexo despois das obras de mellora na instalación, varios usuarios queixáronse de dúas pingueiras que presentaba o pavillón e que podían ser de risco durante a práctica deportiva.

Dende a Vicepresidencia da Deputación de Lugo aseguran que os puntos da cuberta no que se produciron as filtracións reparáronse de forma inmediata. Deste xeito, a área de Deportes dispón dun contrato de mantemento que puxo en

marcha en novembro e que permite actuar con axilidade ante as pingueiras que poden producirse en situacións de vento e choiva adversas polo deterioro da cuberta do Anexo.

Estas actuacións puntuais seguiranse realizando ata que se acometa a substitución completa da cuberta, unha intervención necesaria no marco da mellora e modernización das instalacións provinciais que se veñen realizando no último ano.



Hipólito Pérez xa é o director xeral de Urbanismo no Concello

O novo director xeral de Urbanismo, Hipólito Pérez, tomou posesión da súa praza. A firma foi presidida pola alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, que estivo acompañada polo delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Pablo Permuy, así como polos xefes dos servizo de Arquitectura, Urbanismo e Arqueoloxía e o secretario.

A rexedora deu a benvinda ao novo traballador municipal e desexoulle sorte nesta nova etapa profesional. “Esta dirección xaral vai ser unha ferramenta imprescindible para este concello e para todo o seu desenvolvemento urbanístico. Sabemos da túa valía, do teu coñecemento. Sabemos que é un reto, un reto que aceptaches, o que che agradecemos enormemente”. Sinalou tamén que intentarán facilitarlle os inicios, “que son sempre a etapa máis complexa. Estamos moi satisfeitos de poder contar con esta ferramenta da dirección xeral que coordine os servizos de Arquitectura, Urbanismo e Arqueoloxía”. A alcaldesa asegurou que os xefes de servizo destas áreas “están moi contentos con esta incorporación” e desexoulle moitos éxitos ao novo director xeral, “porque os teus éxitos son os nosos e os de toda a cidade”.

Pola súa banda, o novo director xeral de Urbanismo mostrouse ilusionado ante a súa nova responsabilidade. “É unha honra incorporarme ao Concello de Lugo e asumir este gran reto. Atópome moi ilusionado ante esta nova etapa”. E comprometeuse a traballar moi duro “para servir ao ben común defendendo sempre os intereses da cidade e de toda a veciñanza” e a desempeñar este labor “con obxectividade e imparcialidade e sempre en defensa de Lugo e os seus veciños e veciñas”, sinalou Hipólito Pérez.



Tramitará as licenzas inferiores a 300.000 euros

A alcaldesa vén de delegar no director xeral de Urbanismo novas competencias co obxectivo de reducir os tempos administrativos dos procedementos que se xestionan nesta área. Deste xeito, entre outras medidas, simplificarase o proceso para as licenzas inferiores a 300.000 euros que poderán resolverse sen necesidade de abordarse en Xunta de Goberno Local.

“Con esta encomenda lograremos axilizar o proceso de tramitación nos servizos implicados, xa que este mecanismo permitirá incrementar o ritmo de concesión de forma considerable en expedientes como os de vivendas unifamiliares, as reformas integrais ou o acondicionamento de locais, o que sen dúbida repercutirá de forma positiva no cómputo anual, tendo como obxectivo mellorar os datos do ano pasado que nos sitúan como o municipio galego que mais permisos concedeu ata o mes de setembro”, indicou Alvarellos Fondo.

“Esta atribución de competencias que asume o novo director xeral de

Urbanismo contribuirá a impulsar dinámicas de traballo eficientes para seguir mellorando a engrenaxe municipal”, apuntou a rexedora que recordou que o balance total do pasado exercicio fixa en 279 o número de licenzas aprobadas en Xunta de Goberno Local, o que xerou un volume de negocio no municipio superior aos 51 millóns de euros en 2023.

Ademais das licenzas de obra maior de ata 300.000 euros, o novo director de Urbanismo asume outras atribucións como a ordenación e xestión urbanística ou o fomento da conservación e rehabilitación de edificios. Tamén asume responsabilidades relacionadas coa xestión do patrimonio municipal. Así mesmo, Hipólito Pérez, que coordinará o traballo dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e Arqueoloxía, exercerá competencias sobre actuacións de disciplina urbanística, conservación e protección do patrimonio histórico-artístico e promoción e xestión de vivenda.



Inauguran o parque da Lembranza cun conxunto escultórico da pandemia

O Executivo local conclúe o parque da Lembranza coa instalación dun conxunto escultórico en homenaxe ás vítimas e aos colectivos involucrados na loita contra a pandemia. A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, supervisou os traballos de instalación da escultura. Esta obra está composta por dez pezas individuais de madeira combinadas con aceiro corten que se distribúen sobre o terreo de forma estratéxica para que cada elemento sexa visible dende diferentes perspectivas. “Desde o Goberno queríamos renderlle esta fermosa homenaxe ás vítimas e a todas as persoas involucradas na loita pola vida e pola axuda á sociedade”, asegurou. A idea de combinar a comunidade, a humanidade e a vida vén motivada “pola resposta que tivemos de forma común fronte á pandemia provocada pola Covid-19”. Deste xeito, colectivos como o sanitario ou os corpos de seguridade, entre outros, son recoñecidos “como artífices da superación deste período inesquecible nas nosas vidas e que marcou a nosa historia recente”, sinalou a rexedora.

Así mesmo, Alvarellos Fondo des-

tacou a aportación deste conxunto escultórico á mellora dunha contorna que agrupa un gran patrimonio histórico e artístico. “Neste espazo, a cidadanía lucense poderá atopar un lugar de reflexión ao acougo que brindan as especies autóctonas coa que se reforestou esta área situada entre a Rolda do Carme e o Regueiro dos Hortos”. Trátase dun espazo para recordar aos que xa non están e recuperar a consciencia da magnitude do vivido. “A finalidade foi crear un espazo íntimo á vez que integrado na paisaxe, ao tempo que se ofrece unha solución ás condicións orográficas da zona, mediante un itinerario practicable para os usuarios da Vía XIX que non poidan salvar a escalinata que dá acceso á Rolda do Carme”, continuo a alcaldesa.

Coa instalación desta escultura, o Executivo local consolida a posta en valor desta zona da cidade, que nos últimos anos experimentou unha gran transformación con proxectos enmarcados na estratexia Muramiñae como a peonalización da calzada Romana a humanización da rúa do Carme e a súa contorna, a recuperación da Cloaca Romana ou a edificación do novo Coliving municipal.

Aténdense no servizo unhas 50 citas semanais

A área de Urbanismo do Concello de Lugo continúa a ofrecer o servizo de atención presencial recibindo unha media de 50 citas semanais. Esta cifra engloba as solicitudes atendidas desde Arquitectura, Urbanismo e Licencias. Do máis de medio centenar de consultas, 30 corresponden propiamente a Arquitectura mentres que as outras 20 repártense entre permisos de actividades e obras menores. O prazo de concesión destas citas, que se realizan todos os martes en horario de mañá, é inferior a dúas semanas. O equipo de atención presen-

cial está formado por 5 técnicos distribuídos por quendas que se reforzan cando é preciso. A solicitude das citas tramítase de forma telefónica, xa que unha parte considerable dos casos soluciónanse xa por esta vía sen que sexa necesario que a persoa interesada teña que desprazarse ata as dependencias municipais.

Ademais, sempre que unha licenza recibe un informe desfavorable, cítase presencialmente á persoa promotora para comunicarlle o motivo e indicarlle os pasos a seguir para resolver as deficiencias.

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camino Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

O PROCESO ELECTORAL PARA O GOBERNO AUTONÓMICO

Galicia e Lugo elixiron ao PP

Obtivo a maioría absoluta con dous escanos menos, o BNG gañou 6 e o PSOE baixou 5 no cómputo global galego

O PP mantén a Presidencia da Xunta de Galicia e revalidou a maioría absoluta da man de Alfonso Rueda para os próximos catro anos ao superar a barreira dos 38 escanos no 18F. O partido perdeu 2 escanos (40), pero consolídase como primeira forza na comunidade e logrou a

súa quinta maioría absoluta consecutiva. O BNG posicionouse como segunda forza e ten 25 escanos, o que supón 6 máis con respecto ás eleccións anteriores. O PSdG baixou 5 e acadou 9, mentres que Democracia Ourensana entra por primeira vez no Parlamento cun deputado.



As urnas tamén dilucidaron os 14 representantes da provincia que estarán no Parlamento galego. Dos 14 deputados, o PP logrou 8, un menos que nos pasados comicios. Logrou ser a primeira forza en todos os concellos agás en tres, Negueira, Ribeira de Piquín e Pedrafita, nos que o PSOE tivo a primeira praza. Estes tres concellos axudaron ao PSOE, que só logrou obter dous deputados pola provincia, seguindo a tendencia xeral dos socialistas en Galicia. Friol volve ser o principal feudo do PP na provincia de Lugo, que obtivo o 73,8 % dos votos, aínda que

destacan tamén outras localidades importantes como Guntín, Baralla, Carballedo, Paradela, Portomarín, Begonte e A Pastoriza. Na provincia, o crecemento maior foi o do BNG, que quedou co deputado que perdeu o PP e leva catro representantes á cámara. Foi a segunda lista máis votada en 48 concellos mentres que o PSOE foi a segunda en 16. Moi lonxe quedaban de obter representación Vox e Sumar, e o afundimento en votos foi para Podemos, que recolleu menos votos que Pacma ou Escanos en Branco.

DEPUTADOS

1. María Elena Candia López (PP)
2. Javier Arias Fouz (PP)
3. Alfonso Villares Bermúdez (PP)
4. Cristina Sanz Arias (PP)
5. José Manuel Mato Díaz (PP)
6. Raquel Arias Rodríguez (PP)
7. José Manuel Balseiro Orol (PP)
8. Enrique Barreiro Sánchez (PP)
1. Olalla Rodil Fernández (BNG)
2. Daniel Castro García (BNG)
3. Montserrat Valcarcel Armesto (BNG)
4. Iago Suárez Fernández (BNG)
1. José Ramón Gómez Besteiro (PSOE)
2. Lara Méndez López (PSOE)



PP

Foi a provincia na que tivo maior porcentaxe de voto

Alfonso Rueda valorou os resultados electorais da provincia xunto á cabeza de lista, Elena Candia. Segundo explicou, Lugo obtivo a maior porcentaxe de votos para o PP de Galicia con respecto ás catro provincias: 53,39%, tres puntos e medio máis que Ourense, cerca de seis con A Coruña e nove e medio en relación a Pontevedra.

Tamén destacou que o PP na provincia sume 98.803 votos fronte aos 78.420 papeletas que suman o PSOE e BNG, é dicir, máis de 20.000 votos máis para este proxecto.

O PP é a primeira forza en todos os concellos da provincia, excepto en tres (en 64 dos 67) que se sitúa como segunda forza; tamén hai que destacar que en 48 municipios superaron o 50% dos apoios (en Friol e Guntín superaron o 70%). Nese senso tamén insistiu en que Lugo foi a provincia onde menos medrou o voto do BNG pese a formar parte do goberno tanto da Deputación como do Concello da capital. (Lugo +25,16%; Ourense 25,35%; A Coruña 32,66% e Pontevedra 34,69%).

No caso do municipio de Lugo o Partido Popular foi o concello que obtivo o mellor resultado de Galicia "fomos o partido máis votado nas 125 mesas electorais con 26.794 papeletas; e tamén a forza política que máis aumentou o seu apoio en todos os distritos cun incremento de 4137 votos con respecto ás eleccións de 2020".

O popular tamén subliñou que na capital lucense o PP obtivo 3.366 votos máis que os que acadaron o PSOE e o BNG xuntos. (PP obtivo 26.794 e PSOE+BNG 23.429)".

PSOE

Formoso apártase nunha aposta por Besteiro

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, apuntou que o futuro do partido "pasa por Besteiro", como líder do único partido "capaz de aglutinar á maioría social de Galicia e de lograr o cambio político" porque "canto máis BNG máis PP". Así o dixo logo dos "malos resultados electorais".

O responsable socialista emprazou a "afrontar o futuro con optimismo e con realismo, aceptando a mensaxe do país" nas pasadas eleccións que, dixo, sinalaron que "a alternancia ten que pasar por un PSdeG forte". Apuntou que o futuro do partido para por "intensificar a defensa dos intereses dos galegos e das galegas".

Dixo que o PSdeG asumirá "cambios de ritmo e de mensaxe" e mesmo "cambios orgánicos" cunha "aposta pola tranquilidade e por facer as cousas ben, aprender dos erros do pasado". Formoso deu por aberta unha nova etapa de 4 anos de "traballar a reo" para configurar unha alternativa de goberno facendo caso da mensaxe das pasadas eleccións.

Formoso advertiu que as pasadas eleccións deixaron a "lectura" de que "máis mobilización do BNG implica máis mobilización do PP". Insistiu na necesidade dun PSdeG "forte" no que, dixo, "non temos que transmutarnos en nada, non necesitamos agochar a nosa identidade, o que pensamos nin o que somos".

Unha das primeiras medidas que se tomaron foi a retirada da primeira liña de Formoso, que deixará a dirección do grupo para ceder esta posición a Besteiro e anunciou que o candidato "tivo moi pouco tempo para dar a coñecer o programa".

BNG

Un resultado histórico dos nacionalistas en Lugo

Os catro deputados electos do BNG fixeron unha valoración dos resultados conseguidos polo BNG, nas que o partido alcanzou un resultado histórico tanto a nivel galego como en Lugo. En toda Galicia, alcanzáronse preto de medio millón de votos, 155.000 máis que en 2020, colocando ao BNG cun grupo parlamentario de 25 integrantes, que ocupa un terzo do hemiciclo, mentres que tanto na provincia de Lugo como na cidade se conseguiu unha mellora notable.

Olalla Rodil afirmou que "desde o BNG temos máis empuxe ca nunca para seguir defendendo Lugo e a vida das nosas veciñas e veciños", e engadiu "é certo que non conseguimos que se producise un cambio político neste País cun novo goberno liderado polo BNG pero hoxe temos máis forza e máis ganas que nunca para seguir traballando cara ese horizonte".

O BNG non ten teito. "Dicíannos en 2020 que 19 escanos era o máximo ao que podíamos aspirar, que chegáramos ao noso límite e que a maior parte do voto que tiñamos era prestado", explicou Olalla Rodil, que engadiu "catro anos despois demostramos que o BNG é unha forza política sólida que lidera a oposición en Galiza de maneira reforzada".

Segundo Olalla Rodil, "despois destas eleccións queda claro que a alternativa ao Partido Popular é o Bloque Nacionalista Galego". A deputada do BNG afirmou que "sabemos que hai moitas das persoas que poden sentirse decepcionadas porque non se produciu un cambio de goberno, comprendemos esa frustración, pero a campaña que fixemos e o resultado electoral do BNG demostraron que este País xa cambiou".

DEPUTACIÓN

O Pleno urxe á Xunta un plan de investimentos para a provincia

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un Plan de Investimentos para Lugo que impulse as principais infraestruturas pendentes na provincia, emende as deficiencias nos servizos públicos e impulse novas medidas en áreas como a atención ás persoas maiores e o acceso á vivenda, cun investimento semellante ao comprometido por Alfonso Rueda coa provincia de Ourense. Así se acordou no Pleno a proposta do Goberno provincial, contando cos votos a favor do PSdeG e o BNG e o voto en contra do Partido Popular.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, subliñou que a Xunta “ten que cumprir con Lugo. Está ben que veña o señor Rueda a Lugo agradecer o apoio que tivo nas eleccións autonómicas, pero ten que devolve-lo. Ten que pagar ese apoio en forma de infraestruturas que teñen comprometidas dende a Xunta pero que non cumpriron dende hai anos, incluso décadas”, lamentou. Entre elas, explicou, proxectos coma a Rolda Leste, o Plan Paradai, o acceso ao Porto Seco de Monforte ou as obras da VAC Costa Norte.

O mandatario provincial tamén urxe ao Goberno galego a recuperar os servizos públicos no rural, reindustrializar A Mariña ou impulsar a construción de residencias públicas de maiores. Así mesmo, pide que consolide a oferta formativa do Campus Terra ou darlle maior proxección á Granxa Gayoso Castro, como centro investigador referente que é.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “a concepción partidista da política á



que nos ten afeitos o PP acadou un novo fito o pasado día 14 de febreiro, cando Alfonso Rueda se reuniu co presidente provincial do seu partido en Ourense para firmar un documento comprometendo un plan de investimento de 117 millóns de euros”. Explicou que incluía 12 medidas “concretas, serias, rigorosas e realizables” pero que chama a atención “a dilixencia coa que o señor Rueda promete en campaña os cartos que non executa dende a Xunta. Promete 10M€ para financiar unha residencia que vai construír unha fundación privada, tendo en conta a incapacidade da Xunta para construír prazas públicas”, ironizou.

Pidiu a deputada unha reunión do Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, coa Deputación de Lugo para poñerlle fin desta maneira ao desprezo institucional herdado do seu antecesor no cargo.

TEMPORALIDADE. Outra moción aprobada polo BNG e PSOE esixíralle á Xunta de Galicia que poña fin temporalidade na sanidade e na educación, que se disparou nos últimos

anos e que segundo os datos do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública con máis de 80.000 contratos precarios entre ambos servizos.

Destacou o presidente, José Tomé Roca, que a Xunta de Galicia “incumpre” coa Lei de Estabilización posta en marcha polo Goberno socialista de Pedro Sánchez e destacou a sentenza que vén de ditar o Tribunal de Xustiza da Unión Europea neste sentido. “Na Deputación temos todo en marcha, estabilizando ao persoal en función dos anos de antigüidade. Na Xunta non é así”, insistiu.

García Porto expuxo que de acordo cos datos do Ministerio, en xaneiro do ano 2012, os contratos temporais no ensino non universitario foron 34.521 que se converteron na actualidade en 37.587, “co que nunha década a contratación temporal en educación incrementouse case nun 9%”. Unha suba “aínda máis notable no eido da Sanidade Pública”, que tal e como explicou a voceira socialista pasou dos 33.798 contratos temporais no 2012 aos 43.217, unha subida da temporalidade de preto dun 30%.

Estiman un retorno de 100 euros por cada un investido en turismo

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, presidiu a primeira reunión do ano do Consello Provincial de Turismo, o órgano participativo e consultivo da Deputación de Lugo nesta materia. Rivera puxo o foco na importancia dos patrocinios turísticos, cos que a institución provincial “consegue un retorno económico de 100 euros por cada euro invertido, un dato moi significativo que evidencia que traballamos dun xeito eficaz e eficiente para lograr que a nosa provincia medre e mellore como destino turístico”.

Nas súas palabras, explicou que ao

longo deste ano a Deputación continuará co patrocinio de eventos deportivos ou culturais, películas ou iniciativas que dan unha gran proxección ao territorio lucense. Rivera Capón salientou a idoneidade de apostar por este tipo de medidas dada a súa importancia e repercusión, e puxo varios exemplos, como o patrocinio de La Vuelta 2024, para o que a institución provincial destina 40.000 euros, que “terá un retorno enorme para a provincia en termos económicos e de promoción a nivel nacional e internacional, tanto a curto como a medio prazo”.

Así mesmo, o deputado avanzou ante os membros do Consello as principais liñas de traballo, accións e programas que se desenvolverán neste 2024 en materia turística, dando continuidade á aposta por un turismo sostible, de calidade e baseado na propia experiencia da persoa que descubre a provincia a través das diferentes actividades. Daralle continuidade a programas como o Coñece a túa provincia, a celebración do Día da Transrománica, as rutas fluviais pola Ribeira Sacra ou os premios á excelencia turística e gastronómica da provincia.

Aberto o prazo para as axudas ás asociacións das reservas da biosfera

A Deputación abriu o prazo de solicitude das axudas por un importe de 110.000 euros que convocou para apoiar a actividade das entidades asociativas sen ánimo de lucro que estean asentadas ou que teñan o seu ámbito de actuación no territorio das reservas da biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses, xestionadas pola institución provincial.

En concreto, poderán recibir subvención as entidades asociativas sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións e proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural que poñan en valor o patrimonio

natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e que contribúan así á súa dinamización social e económica.

As solicitudes poderán formularse ata o vindeiro 13 de marzo, incluído, enviando os modelos oficiais xunto coa documentación precisa a través da sede electrónica da Deputación, ou ben de calquera dos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os beneficiarios poderán obter entre 1.000 euros e 7.000 euros por cada proxecto.

Licitada a subministración de servizos do Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a licitación, por un importe de preto de 800.000 euros, dos últimos lotes da subministración de equipamentos e servizos tecnolóxicos que a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Entre as ferramentas tecnolóxicas destaca a implantación dun chatbot con intelixencia artificial, integrado nas web de concellos de menos de 5.000 habitantes, unha experiencia piloto que é pioneira en España. Trátase dun asistente virtual, que ofre-

cerá atención ao cidadán as 24 horas dos 365 días do ano para resolver consultas dun xeito rápido e eficaz, e reducir a carga de traballo para os traballadores públicos. Ademais, nos lotes aprobados esta mañá tamén se inclúen equipamentos dixitais para dar una maior transparencia financeira.

A Deputación irá adxudicando o subministro do resto de equipos e servizos, que teñen que estar implantados o 30 de abril, data na que deberán estar finalizados todos os proxectos do programa Impulsa TIC.



Neste ano, subliñou, a participación da entidade provincial en feiras como FITUR, Xantar, Termatalia ou Produart. Así mesmo, manterá a estreita colaboración que mantén co tecido asociativo e cos concellos da provincia para facilitar a súa actividade diaria, accións concretas ou novas dotacións que camiñan cara un turismo máis atractivo, sostible e

desestacionalizado.

Rivera Capón tamén avanzou a continuidade das liñas do Plan Deputación que inclúen accións e actividades en materia turística, e que no pasado ano ascendeu a preto de 150.000 euros destinados a impulsar a promoción de recursos turísticos, feiras e festas, ou campañas de promoción.

AO NOSO CARÓN

castroverde

EN BREVE

CEA-BAILE. A comisión de festas prepara para o vindeiro 16 de marzo unha cea baile. A cita comezará ás 22.00 horas no pavillón do concello. A xornada estará amenizada por un DJ e haberá sorteos e servizo de barra. No menú hai empanada de liscos, callos, lacón con patacas, tarta de Santiago, bebidas e café. Xa están á venda as entradas en A Lenda, Bar Pereira, Roma e O Camiño.

ENVELLECIMENTO. O programa Xunt@s da Deputación pon en marcha unha xornada sobre envellecementos de forma activa que terá lugar no concello vello o 13 de marzo a partir das 11.00 horas. A iniciativa forma parte do programa da institución coa que pretenden impulsar a participación cidadá e asociacionismo.

ITV. A unidade móbil da ITV estará do día 15 ao 22 deste mes no aparcadoiro das piscinas. As revisións faranse en horario de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas, agás os días 15 e 22 que o horario será de mañá, de 9.00 a 13.30. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web.

FESTA DOS AVÓS. O Concello de Castroverde organiza a Festa Homenaxe ós nosos avós, que este ano chega a súa décimo cuarta edición. A cita será o vindeiro domingo 24 de marzo cunha programación con música, baile e astronomía. O programa comeza ás 12.45 coa recepción de todos os asistentes na praza do Concello. A partir das 13.00 horas terá lugar unha misa na igrexa parroquial e continuarase cun xantar no pavillón municipal A Ferrería, na que poderán gozar de música e baile. Chegarán ás casas dos maiores as cartas para recoller a invitación ao concello.

TORNEO DE FÚTBOL SALA. Con motivo do Día Internacional da Muller, está a organizarse un torneo triangular feminino de fútbol sala. O evento terá lugar o sábado 9 de marzo ás 19.00 horas no pavillón polideportivo. Nesta actividade participarán o equipo local feminino da Sociedade Deportiva Castroverde, o Ribeira FS e o UD Pastoricense.

EXCURSIÓN. A asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza o sábado 9 de marzo unha visita de tipo cultural pola cidade de Lugo. Os membros do colectivo están citados diante do Mitreo, ao lado da Porta Santiago, ás 10.00 horas. Durante a mañá, visitarán o conxunto do Mitreo e as instalacións do Museo Provincial. Despois do xantar, continúa a visita pola Catedral e o seu museo.

Reabre a igrexa de Montecubeiro tras a súa rehabilitación

A igrexa de Montecubeiro, localizada na unidade pastoral de Castroverde, reabrirá ao culto esta fin de semana, despois das obras de rehabilitación integral realizadas. O proxecto da obra estaba preparado desde o 2017 e contaba con todos os permisos pertinentes, tanto de Patrimonio como da propia Diocese de Lugo. Tras unha revisión dos novos párrocos do proxecto e unha procura de fondos a obra foi posible finalmente coa colaboración de varias entidades, como a Diocese, a propia parroquia e unha axuda do Concello. Para conmemorar este momento,

celebrarase unha misa este sábado, día 10, ás 11.30 horas. O arquitecto Jesús Bouza foi o encargado de deseñar un sinxelo proxecto, que se realizou no seu maior parte, e que contempla a recuperación do pórtico da igrexa e realce das pinturas; a reparación das paredes interiores da nave e da sancristía xunto coa pintura interior e exterior; a nova distribución dos elementos engadidos ao templo para poder observar con maior claridade os tres retablos frontais; o cambio da iluminación do templo e da sancristía, así como do pórtico de entrada; e a reparación das vigas e a



aplicación do tratamento para a súa conversación.

“Creo que a obra era necesaria para reivindicar o valor artístico e relixioso desta parroquia de Montecubeiro, onde moitos poderán contemplar a beleza que aqueles frades dominicos tiñan ante si cando oraban”, explica Ignacio Felpeto, un dos párrocos e responsables de promover esta obra. “Este sábado todos os fregue-

ses poderán participar da celebración e admirar o resultado da devandita obra”, engade.

As obras aínda non se dan por finalizadas e continuarán coa recuperación da escaleira do campanario, a drenaxe exterior do templo e a reparación da entrada á sancristía. Este sacerdote comenta que existe un plan para o arranxo doutras igrexas da zona.



A proba BTT A Fortaleza é dos primeiros circuítos en incluír o gravel en Galicia

O vicepresidente da Deputación de Lugo e deputado de Deportes, Efrén Castro, e a deputada de Cultura de Patrimonio histórico artístico, Iria Castro, animaron a participar na proba de BTT A Fortaleza, que se celebra no concello de Castroverde o sábado 20 de abril. Os representantes provinciais estiveron acompañados dos organizadores da proba que, en dúas semanas xa ten preto dun cento de persoas inscritas.

Como principal atractivo, esta competición conta cunha proba de gravel de 68 quilómetros e 1.700 metros de desnivel. Nesta modalidade, os participantes percorreren estradas afastadas do tráfico e, sobre todo, pista de grava e area. Ademais conta con dúas distancias de 50 quilómetros e 1.500 metros de desnivel e 30 quilómetros e 800 metros de desnivel. Unha competición que permitirá percorrer o patrimonio de Castroverde e pór en valor a súa historia ao tempo que se practica deporte ao aire libre e en compañía.

Efrén Castro celebrou a posta en marcha desta proba de gran categoría que “atraerá aos ciclistas que queiran un novo reto e descubrir este Concello”. Deste xeito, esperan que A Fortaleza teña “unha longa vida e o éxito destas primeiras semanas de inscricións demostra que gusta e está traballada dende a organización”. Tamén agardan que se converta nun referente, xa que o gravel está sendo cada vez máis demandado e, esta proba é nunha das primeiras que inclúen este tipo de circuito en Galicia”.

Dende a organización afirman que se trata dunha competición que busca dar a coñecer o patrimonio natural e cultural de Castroverde, onde a ruta percorre lugares como Soutomerille, de gran valor histórico. “Coa posta en marcha da Fortaleza queremos que todas as persoas se animen a participar nesta actividade ao aire libre e conseguir que o ciclismo sexa unha alternativa para o ocio da provincia”, aseguran.

RECOLLIDA DE LIXO



O Concello de Castroverde mellorará e ampliará o seu servizo de recollida de lixo ao aumentar a frota de vehículos. A empresa Servizo dos Concellos Galegos, encargado de dito servizo no municipio, vén de facer entrega ao Goberno local dun novo camión. Esta iniciativa dá resposta así a unha demanda prevista no obxecto do contrato coa empresa concesionaria.

O BNG urxe o arranxo da estrada que une Vilasante coas Nogais

O BNG de Cervantes urxe ao alcalde ao arranxo da estrada que comunica Vilasante e Vilar de Cucos co resto do concello e coas Nogais.

“No inverno esta estrada convértese nun perigo para as condutoras e os condutores que circulan por ela”, din os nacionalistas. O BNG demanda do concello que “tome as medidas necesarias para pór fin á perigosidade que caracteriza a esta estrada no inverno, evitando que acabe dando lugar a unha desgraza”.

“A agua que discorre por parte desta vía, nas curvas por riba de Vilar de Cucos, convértese neste época nunha placa de xeo que converte en

intransitábel esta estrada” explica Bernardo Valdês, portavoz do BNG en Cervantes.

Hai que subliñar que esta vía é de uso obrigatorio para as veciñas e os veciños destes lugares, tanto para dirixirse ao resto do concello como para saír cara as Nogais. Precisamente “a veciñanza destes lugares hai tempo que ven reiterando ao concello a súa preocupación pola perigosidade desta vía no inverno e demandando unha solución. Sen embargo o grupo de goberno de Cervantes, até agora, non deu resposta ás demandas veciñais”, di Valdês.

castro de rei

Cruz Vermella de Castro Ribeiras de Lea acolle un proxecto pioneiro

Un proxecto pioneiro avalía en Castro Ribeiras de Lea os efectos do exercicio físico con realidade virtual en pacientes con dano cerebral adquirido, desenvolvido polo grupo HealthyFit e promovido pola Cruz Vermella de Lugo que estuda os posibles beneficios.

Nos últimos anos, o grupo de investigación HealthyFit, integrado por investigadores das facultades de Ciencias da Educación e do Deporte e Fisioterapia da Universidade de Vigo, analizou os beneficios de programas de exercicio físico levados a cabo con dispositivos de realidade virtual en diferentes colectivos, como poboación anciá ou persoas afectadas por párkinson. Nun proxecto pioneiro, promovido pola Cruz Vermella de Lugo, o grupo buscará agora avaliar os efectos en pacientes con dano



cerebral adquirido dun programa de "estimulación mutisensorial, que combina a actividade física e a cognitiva", como explica José María Canela, investigador principal do grupo. Este estudo piloto levarase a cabo no Centro de Dano Cerebral da Cruz Vermella en Castro Ribeiras de Lea e nel participarán pacientes que pre-

sentan "un conxunto de secuelas en múltiples áreas funcionais, provocadas por lesións cerebrais", derivadas de ictus, traumatismos craneoencefálicos ou encefalopatías. "O que se quere facer é un programa específico de estimulación mutisensorial, no cal realizan exercicio físico e teñen que tomar decisións"

Compran terreos para ampliar a escavación no Castro de Viladonga

A Xunta vén de adquirir seis terreos da contorna do Castro de Viladonga, o que permitirá ampliar usos sociais e culturais deste espazo e os traballos de escavación e investigación. Así o informou hoxe o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, durante a súa participación na apertura da mostra *O acibeche no mundo antigo. Unha aproximación dende o Castro de Viladonga*.

"A adquisición destas seis parcelas suporá a incorporación de case 20.000 m² á superficie do Castro co obxectivo de continuar coas escavacións arqueolóxicas e afondar na significación histórica e patrimonial deste espazo", explicou Anxo M. Lorenzo. Ademais, con esta medida o Goberno galego tamén avanzará nos estudos do sistema defensivo do Castro, así como no de outras zonas de intensa ocupación e utilización.

Precisamente, a mostra inaugurada hoxe no Museo do castro é froito dun gran traballo de investigación e saca á luz unha ampla colección de acibeche recuperados durante máis de 50 anos de escavacións. A mostra, que estará dispoñible ata o mes de decembro, conta con sete pezas e oito fragmentos de acibeche en bruto mediante reproducións fotográficas para poñer en valor o traballo artesanal do acibeche na antigüidade e dar a coñecer as elaboracións e producións desa época, destacando especialmente pezas -en imaxes- como os osos ou os medallóns talla-



dos co acibeche de Whitby. Ademais, na exposición tamén se dan a coñecer os resultados obtidos durante os traballos de investigación coas imaxes e análises do microscopio electrónico de barriado, o que permitiu confirmar a pre-

senza de icnofósiles de paleoxilófagos nun dos aneis da colección, así como a elaboración desta mesma peza en acibeche astur. Todo isto reafirma a idea da existencia dun taller no propio Castro de Viladonga.

Obradoiros para escolares

O Museo do Castro de Viladonga abriu o prazo de inscrición para a programación de obradoiros para escolares. A primeira das iniciativas será un obradoiro de Pallabarro, unha técnica antiga de construción. Está dirixido a alumnos de terceiro a sexto de Primaria. En abril haberá un de fundición, para maiores de 14 anos, e outro de topografía, para estudantes de ESO, ao que se suma outro de tecido para escolares de máis de cinco anos. En maior e en xuño haberá un taller

de lume, no que poderán participar rapaces de Primaria e de ESO. Este último mes haberá tamén unha actividade sobre xoguetes antigos para os máis pequenos. Todos estes talleres completaranse cunha actividade xa clásica no Museo, o de cerámica castrexa, que se impartirá durante estes tres meses.

As persoas que desexen máis información poden solicitala no teléfono 982 870 160 ou no correo museo.viladonga@xunta.gal.

guntín

Destínanse preto de 11 millóns de euros para o firme da estrada N-540



O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible adxudicou o contrato de obras para a rehabilitación do firme na estrada N-540, entre os km 0,000 e 68,900, na provincia de Lugo. O importe de adxudicación ascende a 10.951.414 euros.

Deste xeito, realizarase a rehabilitación estrutural e superficial do firme e aquelas actividades complementarias que sexan necesarias para manter os niveis de servizo. Todo iso co obxectivo de mellorar a seguridade viaria no devandito tramo. A rehabilitación consistirá principalmente nun fresado de parte do firme existente, seguido dun recrecemento en varias capas entre as que se dispoñerán regas de adherencia.

Nas zonas singulares, que son as máis deterioradas, realizarase primeiramente unha demolición do paquete de firmes completo, seguida dunha escavación dun metro de profundidade para, finalmente, repoñer as capas de firme. Así mesmo, será necesaria a regularización das beiravías, especialmente para garantir a seguridade dos ciclistas e motoristas. Tras isto, procederase ao repintado de marcas viarias e á disposición dos elementos de balizamento.

A senadora lucense e alcaldesa de

Guntín, María José Gómez, considera "electoralista e insuficiente" o anuncio da adxudicación das obras de rehabilitación do firme da estrada nacional N-540, tendo en conta que "se dilata tres anos o remate das actuacións para a mellora da vía toda vez que o prazo de execución é de 38 meses desde o seu inicio previsto para outubro do 2024. A popular explica que "do investimento anunciado, a cantidade prevista para o 2024 non alcanza os 200.000 euros, polo que todo indica que neste ano tampouco veremos grandes avances na mellora desta estrada que está totalmente intransitable; cando o que require debido ao seu mal estado son actuacións urxentes".

A alcaldesa de Guntín insiste en reivindicar que "o Goberno de Pedro Sánchez garanta a seguridade dos usuarios e repare de forma inmediata a vía entre os quilómetros 16 e 17 -onde se teñen producido varios accidentes- antes de que haxa que lamentar unha desgraza".

Así, conclúe que a mellora da N-540 vén sendo obxecto de demanda do PP nos últimos anos no Congreso dos Deputados e no Senado ante "o recorte orzamentario constante dende que o Pedro Sánchez é presidente".

OBRAS NAS PARROQUIAS



O Concello de Guntín segue a traballar na mellora das infraestruturas que compoñen todo o seu núcleo municipal para facilitar a vida de toda a veciñanza. Nestes últimos días remataron os traballos de mellora e acondicionamento das pistas de Montouto e As Pereiras, na parroquia de Sirvián.

Regresan este mes as xornadas de seguridade na moto

O sábado 23 de marzo o motoclub Lóstregos-Lvcvs organiza as XII Xornadas Galegas de seguridade en moto, en colaboración coa DXT e outras organizacións implicadas na seguridade dos motoristas.

As xornadas están dirixidas a todos os motoristas galegos, “un colectivo moi necesitado de reflexionar sobre a seguridade viaria, debido a que no 2023 houbo 286 vítimas en accidentes de motocicleta e 15 delas en Galicia”, indican dende a organización. Isto supón un incremento do 19% con respecto ao 2022. Os motoristas interesados en asistir ás mesmas poden formalizar a súa inscrición no teléfono 619 987 809. O prazo de inscrición termina o 3 de marzo.

O programa arrancará ás 9.30 horas coa primeira dos relatorios, centrado na influencia da vía nos accidentes de motos, ao que seguirá outro sobre as actuacións e consecuencias logo dos accidentes.

Despois da pausa celebrárase unha mesa debate sobre a culpa e completarán a sesión matinal falando de equipación sobre seguridade pasiva. Despois do xantar centraranse de novo na seguridade pasiva, falando dos airbag, e tamén da activa, co relativo á amortiguación. As xornadas teñen un prezo de cen euros.

A oitava xornada viaxeira do GDR será na vila o 4 de maio

Despois do grande éxito das últimas xornadas viaxeiras, tivo lugar a presentación da oitava xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía.

José Pardo (alcalde do Concello de Outeiro de Rei), Begoña Seco (concelleira de Cultura de Outeiro de Rei) Lorena López (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron os primeiros detalles dun sábado 4 de maio no que volverán reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.

Este proxecto engloba a 10 concellos das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que nos vindeiros meses irán facéndose xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar.



O Entroido de Outeiro de Rei contou cun gran número de participantes

Un ano máis numerosas persoas acudiron ao XXV Concurso de Disfraces de Outeiro de Rei que tivo lugar na praza da vila e que contou coa actuación do Grupo D’Nika.

En comparsa, o primeiro premio, dotado con 500 euros foi para Os Edro. A cor da escuridade. O segundo (300 euros) foi para Meigallos e o terceiro (200) para Tribuntes.

Ademais, o premio especial á comparsa de Outeiro de Rei (150 euros)

foi para As cacatúas galácticas de Outeiro de Rei. Ademais, déronse tres premios especiais de 100, 60 e 50 euros a O soño do futuro, Autos Armadanzas e Super Mario.

En parellas gañaron El baúl de los recuerdos (200 euros) e Pulpo á Feira (120). O gañador en individual foi Dark Cristal (150 euros) e en infantil venceron La reina de la naturaleza (150 euros) e A raiña das abellas (100).

A Casa de Manuel María convoca o concurso de videopoemas de novo

A Casa-Museo Manuel María organiza unha nova edición do concurso de videopoemas, a VII, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. O concurso vai destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO, podendo facelo tanto a nivel individual como grupal. Estabéllese unha única categoría, desde a ESO até segundo de Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos.

Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do videopoema, ben sexa impreso, recitado ou en calquera outra opción que se considere.

Os videopoemas presentaranse en formato MP4 e non poderán superar os 3 minutos, incluídos créditos. As obras deben ser orixinais e inéditas. En caso de usar música ou imaxes alleas, deberán ser materiais libres de dereitos de autoría. Os centros participantes deberán

realizar a súa preinscrición antes de 19 de marzo por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. Os traballos serán enviados por medio dixital á Casa-Museo Manuel María antes de 14 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal.

A Casa-Museo comunicará antes do día 3 de maio os videopoemas seleccionados como finalistas.

O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes e vencelladas ao ámbito da literatura e a creación audiovisual, que visionarán os traballos o 11 de maio, nunha xornada pública.

O xurado establecerá os que, ao seu xuízo, son os dous mellores traballos presentados, atribuíndoselles como premio unha *tablet* para cada un. Os premios son únicos, independentemente do número de persoas que participen na realización dos videopoemas premiados. Todas as persoas participantes que fosen seleccionadas para a fase final recibirán un diploma por participaren así como un libro de Manuel María.

Queixas nacionalistas pola fonte de Province e os cortes de auga

O BNG de Outeiro de Rei propón no pleno que se recupere a fonte de Province da parroquia de Aspai, xa que se trata dunha fonte “que era de uso común tanto polos veciños e veciñas do propio lugar como polas persoas que acudían a ela dende Vicinte, Candai ou Bravos”, explican.

Así, explican que “dende hai xa máis dun ano a fonte non é utilizable. Está chea de terra, lodos e maleza, e a zona circundante atópase completamente enchoupada pola acumulación da auga. Na actualidade poden verse fondas rodadas de vehículos pesados, que agravan e empeoran o problema”.

Por todo isto, os nacionalistas solicitan ao Concello de Outeiro de Rei que poña todas as medidas precisas “para a recuperación

desta fonte patrimonio de toda a veciñanza”.

CORTES DE AUGA. O Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei denuncia os continuos cortes de auga que sofre a veciñanza sen aviso previo.

Os nacionalistas non se explican como “sendo o equipo de goberno consciente destes cortes, non se toman medidas” engadindo que “a desidia e abandono dos populares por resolver este tema vai en aumento”. No pleno do pasado 26 de outubro os concelleiros do BNG preguntaron ao alcalde sobre estes cortes e a resposta obtida foi “avarías diversas” pero a verdade e que estas avarías se dan cada pouco polo que consideran que se debe dar unha solución definitiva.



Entregan uns cen libros dedicados ás mulleres do cárcere de Bonxe

A UNED de Lugo e a Asociación Concepción Arenal participan na iniciativa *A las Olvidadas*, un proxecto dedicado a brindar apoio a mulleres privadas de liberdade. En colaboración con esta iniciativa, entregaron cen libros dedicados como parte do seu compromiso coa educación e a reinserción.

O centro penal de Bonxe converteuse no escenario desta valiosa iniciativa, que busca proporcionar recursos educativos e culturais ás mulleres do centro. Nun xesto simbólico, a UNED de Lugo e Concepción Arenal doaron un total de 100 libros dedicados por persoas que se achegaron á universidade e á sede da Asociación para entregalos.

A iniciativa *A las Olvidadas* céntrase na importancia da educación como ferramenta transformadora

no proceso de reintegración social. A entrega de libros asinados non só representa un xesto de solidariedade, senón tamén un estímulo para que as mulleres en reclusión atopen inspiración e crecemento persoal a través da lectura.

O acto de entrega contou coa presenza da directora da UNED de Lugo e vicepresidenta da Asociación Concepción Arenal, Ana Traseira, así como con autoridades da prisión de Bonxe, como Miguel Ángel Blanco, administrador do Centro Penitenciario, Ana María Primoy, subdirectora de tratamento da prisión e Camilo Alfonso, subdirector de xestión. Durante a cerimonia, destacou a relevancia de proporcionar oportunidades educativas a todas as persoas, mesmo aquelas que enfrontan situacións difíciles na súa vida.

Rábade presenta a nova edición do Máster de fútbolín de marzo

O Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que este ano chega á viséximo quinta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de marzo, concretamente o 28, 29 e 30, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Para celebrar este aniversario tan especial, a organización aumentou a cuantía e o número dos premios de engade algún trofeo individual máis polo que repartirá 15.000 euros e 137 trofeos, case 5.000 euros máis que na edición anterior. Prevese superar de novo as máis de 300 parellas participantes, en especial polo volume dos premios e ao tratarse dun aniversario especial.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase en tres locais, no Salón Papyrus, no IES Río Miño e no CEIP Otero Pedrayo.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios desde os 1.600 aos 100 euros ademais do trofeo. O resto de premios, oscilarán



entre os 600 e os 25 euros. Aumentan o apartado feminino, no que as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador

da comunidade autónoma, o trofeo Bola Meiga á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galicial ao mellor xogador da provincia de Lugo, e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Engádese o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda.

Nesta gran festa do fútbolín colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo (Vicepresidencia), a mocidade local e o Concello de Rábade.

A Casa das Insuas acolle un ciclo de talleres sobre o traballo con vimbio

Nos próximos tres meses a Casa das Insuas contará cun programa completo de cestería con vimbios. Nel, aprenderase a podar un cultivo de vimbios, a coidar estruturas de vimbio vivo xa creadas, a creación de estruturas de vimbio vivo en maceta e a realización de cestos de cortiza de vimbio.

Ata o momento celebráronse dous dos talleres, o 11 e o 24 de febreiro. En cada unha das actividades abrírase o período de inscrición unha semana antes da súa realización. Inscricións en www.custodiadoterritorio.org/actividades. Máis información en custodiadoterritorio@gmail.com ou no 630-94.82.93.

A seguinte cita será o 17 de marzo será a vez da cestería de vimbio vivo e pechará o 14 de abril cunha sesión sobre cestería de cortiza de vimbio.

Esta actividade é posible grazas ao acordo de custodia do territorio que a Deputación de Lugo mantén coa AGCT para a conservación, investigación e divulgación da natureza nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte, contornas da institución provincial que forman parte da Reserva da Biosfera de Terras do Miño.



Atopan nas Insuas do Miño a femia de morcego máis grande de Galicia

Véñse de rexistrar nas Insuas do Miño o morcego máis grande atopado en Galicia. Trátase dunha femia de nóctulo grande (*Nyctalus lasiopterus*), unha especie migradora que posúe o récord de distancia de migración para un morcego en Europa.

O achado tivo lugar nunha visita dun grupo de escolares de 5º de Primaria do colexio Andaina da Coruña, que visitaron as Insuas do Miño para coñecer e participar no proxecto de Morcegos de Galicia e a Asociación Galega de Custodia do Territorio, que se desenvolve na rede de caixas refuxio instaladas nesta contorna dende o 2008.

O nóctulo grande é a especie europea de morcego de maior tamaño. É migradora, especialmente as femias, que poden viaxar ata varios miles de quilómetros entre os lugares de cría e de invernada. De feito, hai poucas semanas publicouse o récord de distancia percorrida por un morcego en Europa, que corresponde, xustamente, a un exemplar de nóctulo grande, que percorreu 2.515 quilómetros en liña recta desde Rusia ata o norte de Italia.

Trátase ademais da única especie europea que inclúe vertebrados na súa dieta, xa que se alimenta parcialmente de pequenas aves que voan na noite durante a migración.

Convocada para o 25 de maio a segunda edición do festival Entrepontes

O colectivo Fillos da Chaira de Rábade vén de convocar a celebración da segunda edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o día 25 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes e que tivo un gran éxito o ano pasado.

A primeira confirmación do festival será o grupo Lontreira, unha banda

musical galega integrada por Adriana Cores da Illa de Arousa) Rotce (Héctor Rodríguez de Moaña) e Iván Barral de Meis.

Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades na e moitas máis actuacións que irán coñecendo a medida que avancen as semanas. A segunda das confirmacións é Tecor Societário, un grupo celtic punk.



NIÑOS DE ANDURIÑA. O Concello de Rábade, coa autorización e supervisión dos axentes ambientais da Consellería de Medio Ambiente, retirou no na Avenida de Portugal os niños de anduriñas situados nun edificio sobre o dominio público que ocasionaban problemas sanitarios ao estar preto dun negocio de alimentación. Aproveitouse tamén para instalar dispositivos disuasorios para que fagan os seus niños noutros lugares que sexan menos problemáticos.



CONCENTRACIÓN. Traballadores de Finsa, en Rábade, realizaron unha concentración ante as instalacións para continuar coa súa protesta en favor dun convenio xusto. A de Rábade é a terceira concentración que se realiza ante esta empresa. Os traballadores quíxanse das condicións de traballo, dos calendarios e de que a empresa non cubre as súas demandas salariais.



OBRAS NO COLEXIO. A Consellería de Educación vén de investir 12.000 euros nas obras de mellora do CEIP Otero Pedrayo. En concreto, leváronse a cabo varias actuacións no comedor escolar, como a colocación de teito para a mellora do illamento térmico e acústico, a mellora da iluminación, o pintado do almacén e o cambio de canalóns no patio interior.

O PP provincial cualifica de “chapuza” os apaños na estrada denunciada



“O presidente da Deputación está a rirse dos veciños da provincia e, neste caso, dos de Friol”. Así de contundentes se amosan Antonio Ameijide e José Ángel Santos tras ver “os parches” que realizou a Deputación na estrada LU-P-1611 da que os veciños de Friol denunciaron o seu “nefasto estado e o perigo que supón para a seguridade viaria”.

Hai unhas semanas, os veciños de Friol fixeron patente o seu descontento co estado das estradas provinciais ao paso polo seu municipio, “con fochancas de varios centímetros de ancho e de profundidade, nas que calquera vehículo pode deixar unha roda, co conseguinte risco de accidente”.

O deputado provincial e alcalde de Friol, José Ángel Santos, destaca que “estes parches son un despre-

zo aínda maior para os veciños de Friol que os últimos catro anos e medio nos que Tomé non investiu nin un só céntimo no mantemento e mellora destas vías”.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, destaca que “a realidade é que estes parches son un quero e non podo porque pode verse como xa comezaron a levantarse”. “O que tiña que facer o presidente da Deputación é tomar en serio este problema e realizar un plan de arranxo e mantemento das estradas provinciais en lugar de rirse dos veciños con estas chapuzas”, criticou.

“Ademais de abandonar as estradas, Tomé pon en risco a seguridade de calquera persoa que circula por estas estradas, nas que se suceden os accidentes polo nefasto e perigoso estado do firme”, denunciou.

Continúa a parcelaria de San Xoán de Seoane de Pregación

O conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, mantivo unha reunión cos veciños deste municipio lucense para abordar cuestións vencelladas co desenvolvemento da concentración parcelaria de San Xoán de Seoane da Pregación, situada nesta localidade. Esta iniciativa suporá a reorganización de case 383 hectáreas, distribuídas actualmente en 533 parcelas de 71 propietarios. O investimento total realizado ata o de agora neste proceso supera os 88.000 euros, co cal se levou a cabo a investigación da propiedade e se se elaborou o estudo de impacto ambiental, planos, preparación de bases e o Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (Popeva), así como

a redacción do proxecto de camiños. Tal e como indicou José González, o proceso avanza de xeito favorable e actualmente se atopa na elaboración da fase de bases de reestruturación parcelaria. Na xuntanza de hoxe presentouse a enquisa de bases, na que se lles entregará aos propietarios o boletín individual da propiedade e poderán formular as alegacións que estimen oportunas durante o prazo dun mes. Os planos correspondentes estarán expostos nos lugares de costume da parroquia, no Concello e na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Cómpre salientar que, no conxunto do territorio de Friol, xa se remataron outras tres parcelarias, que supuxeron en total a mobilización de 945 hectáreas, beneficiando 128 propietarios.

A tradicional feira mensual volve ao centro da localidade

A Feira Mensual de Friol, que tradicionalmente se celebra o primeiro domingo de cada mes, cambiará de ubicación despois de máis dunha década no recinto do mercado gandeiro. Desde o domingo 7 de abril a Feira de Friol volverá celebrarse no centro da capitalidade do municipio, adaptándose aos novos tempos para que Friol continúe na senda do progreso.

O alcalde popular José Ángel Santos destacou que “decidimos facer este cambio da nosa Feira Mensual tras comprobar que as transaccións de venda de animais vivos minguara moito nos últimos tempos, así que consideramos que non ten moito sentido manter o resto da infraestrutura da feira nun recinto afastado do centro do pobo”.

Aínda que se considera que foi unha decisión acertada no seu momento, o equipo de goberno toma esta medida co obxectivo de darlle maior potencial á feira mensual e a todo o municipio, fomentando a calidade e variedade da gastronomía local, promovendo o turismo e propulsando a vida social e cultural.

Desde o Concello consideran que co novo emprazamento non só se conseguirá que se acheguen máis veciños, senón tamén persoas doutros lugares, que terán un motivo máis para visitar e coñecer Friol, “instaurando xa como un novo costume



que cada primeiro domingo de mes hai que visitar a Feira para desfrutar dos ‘Saberes e Sabores de Friol’”.

Con esta nova aposta, outros dos principais obxectivos que se pretenden conseguir desde o equipo de goberno son fortalecer o sistema económico e produtivo de Friol e promocionar os seus produtos agroalimentarios para seguir dinamizando e impulsando o sector primario do municipio e continuar potenciando o sector empresarial e o comercio local.

Con este cambio preténdese dar maior visibilidade a todos os sectores que se expoñen mes tras mes na Feira. A organización dos diferentes stands que se montarán no centro de Friol será similar á que se leva a cabo na Feira do Queixo e Pan de Ousá. Na Praza Andón Cebreiro asentaránse stands metálicos, cubertos e con instalación eléctrica

propia que o Concello porá a disposición dos produtores de Friol.

Na praza e nos seus arredores atopáranse produtos agrogandeiros, téxtil, artesanía, etc. Os feirantes, que non terán que pagar taxas municipais, tamén poderán ubicarse no Parque Rosalía de Castro, a Praza Curros Enríquez e a Rúa Santa Isabel para expoñer os seus produtos.

Outro dos reclamos vinculados á Feira por suposto será a gastronomía, desde os propios establecementos hostaleiros de Friol e diferentes postos nos que se poderán comer pratos populares como polbo, churrasco e outros produtos típicos da provincia e de Galicia.

Desde o Concello tamén se quere facer un chamamento a toda a poboación, “xa que o éxito deste cambio só será posible co apoio, a implicación e a colaboración de todos os veciños e veciñas do municipio”.

Ultiman as obras de rehabilitación do centro social de Vilalbite

As obras que se están rematando ascenden a case 132.000 euros, que son financiadas na súa totalidade pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural.

As obras leváronse a cabo sobre a edificación existente, que era a antiga escola unitaria da parroquia de Vilalbite, e do seu entorno inmediato. Acondicionouse a parcela onde se sitúa a edificación creando un espazo público para uso e disfrute dos veciños. No entorno inmediato da antiga escola creouse unha superficie horizontal empedrada da que parten a rampla e a escaleira da edificación. No resto da parcela mantívose o estado natural e acondicionouse para aparcar vehículos, mantendo a mesma topografía.

En canto á intervención na edificación existente gardouse basicamente a mesma distribución adaptando o aseo e a rampla para cumprir coa



normativa de accesibilidade.

Cambiouse a carpintería e acabados interiores e exteriores e renováronse todas as instalacións.

Rehabilitáronse as cubertas da edificación, incluso estrutura, e acondicionouse a escaleira exterior existente.

Dende o Concello de Friol, o seu alcalde José Ángel Santos, resalta que “unha vez mais a Xunta de Galicia

apoiou a Friol con unha obra demandada e necesaria para os veciños da parroquia de Vilalbite, que levan pedindo esta actuación dende fai tempo, e que agora, gracias a este convenio que asinamos coa Consellería de Medio Rural, puidemos facer realidade, unha infraestrutura máis a dispor dos veciños e veciñas co obxectivo de impulsar a vida sociocultural no rural”.

A Deputación inviste en vías da rede provincial e o cinto comarcal


A Deputación licitou unha obra para acondicionar un novo tramo do Cinto Comarcal ao seu paso polos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte; o inicio da LU-P-1702 que conecta en Cospeito Feira do Monte e Fontefría; e un treito da LU-P-2913 que comunica Lugo e Guntín desde a parroquia de Coeses ata Terlama, en Ferroi.

Concretamente, a Deputación de Lugo investirá practicamente 900.000 euros na renovación do fir-

me de 7 quilómetros da LU-P-1611, coñecida como o Cinto Comarcal, ao seu paso polos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte. Unhas obras que terán un prazo de execución de tres meses dende o seu inicio, e que consistirán na mellora da drenaxe, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización no treito que vai do punto quilométrico 49,935 ao 57,150.

No capítulo de estradas, García Porto deu conta ademais da licitación por

máis de 240.000 euros dun contrato para a mellora de 4 quilómetros da LU-P-2913, a estrada que une a parroquia de Coeses, no concello de Lugo, e o lugar de Terlama, no municipio de Guntín. Uns traballos que teñen un prazo de execución de 2 meses e que consistirán na apertura de cunetas, na mellora do firme con aglomerado en quente e na sinalización horizontal e vertical no treito que vai do punto quilométrico 4,230 ao 8,259.



Localizan campamentos militares romanos

Sete novos posibles recintos arqueolóxicos de carácter temporal converten a Lugo na provincia galega con maior número de restos arqueolóxicos vinculados ás actividades do exército romano. Así o sinala a publicación Entre valados e piñeirais. Achegas arqueolóxicas ao coñecemento da presenza militar romana na Galicia Nororiental, que un equipo de arqueólogos e investigadores do colectivo Romanarmy e diferentes universidades acaba de publicar no último número (33) da revista Croa, editada polo Museo do castro de Viladonga. A investigación está liderada polo arqueólogo de Oviedo Andrés Menéndez-Blanco.

A publicación agrupa os novos achados en dous grupos, aqueles xacementos que ofrecen unha "fiabilidade alta" e os que se consideran "indicios probables". Entre os primeiros, atópanse os recintos coñecidos como O Vedro da Fame (A Ermida, Riotorto), A Costa (Arcillá, Cospeito) e As Pardeillas (Guillarei, Friol). No segundo grupo, sitúanse o Monte Endemil

(San Xoán do Mato / Saa, Palas de Rei), Penoucos (Fonfría / Barbeitos, A Fonsagrada), O Campo da Matanza (O Cádavo, Baleira) e A Lagúa (Airexe, Baleira / Pereira, Castroverde). A diferenza entre os de fiabilidade alta e os indicios probables é en primeiro lugar o seu grao de conservación, que nos primeiros é máis elevado e poden ser encadrados e comparados con outros campamentos ben coñecidos. No segundo caso, a gran intensidade das tarefas agrícolas sobre as estruturas e o grao de degradación do xacemento impide ter o mesmo nivel de certeza, pero os investigadores dan a coñecer "pola necesidade de recorrer a elementos cada vez menos conspícuos dentro do rexistro arqueolóxico para responder ás nosas preguntas de investigación". A maior parte dos autores da publicación son membros do colectivo Romanarmy.eu, un equipo arqueolóxico enfocado na investigación e difusión da presenza militar romana no noroeste peninsular, pertencentes a diferentes universidades.

portomarín

A localidade de Cortapezas celebra as súas festas patronais do 6 ao 8 de marzo

A parroquia de Cortapezas celebra as súas festas na honra a Santa María os días 6, 7 e 8 de marzo. A programación comeza o venres 5 a partir das 21.30 cunha gran churrascada popular e unha festa e verbena da man da orquestra Cinema e unha disco móbil.

O sábado haberá misa solemne, sesión vermú coa orquestra Escapate, que tamén amenizará a verbena a partir das 23.30 horas. O domingo de novo organizarase unha misa solemne e procesión, seguidas da sesión vermú co dúo Eclipse.

Antonio López será nomeado Fillo Adoptivo da vila

O municipio de Portomarín nomeará Fillo Adoptivo ao seu sacerdote Antonio López, que puxo fin no mes de xaneiro a máis de 60 anos de labor pastoral. Natural de Palas de Rei, o recoñecemento nace como agradecemento dos veciños do concello, que o acolleron dende o primeiro momento que chegou ao.

López ordenouse cura no 1961 e logo de dous anos chegou ao pobo no que segue sendo moi querido. O párroco da igrexa de San Nicolás, tamén foi sacerdote en San Xoán de Loio, Cortapezas ou San Martiño de Vedro. Os dous grupos da corporación municipal do Concello firmaron o documento, que irá a pleno, para poder conceder o título a Antonio López. O párroco recibirá o nomeamento nun acto, aínda que polo momento descoñécese a data de celebración.

Portomarín celebra a oitava edición da Carreira Popular Festa da Augardente en marzo

O concello de Portomarín prepárase para celebrar unha nova edición da súa Carreira Popular Festa da Augardente. A cita, que cumpre a súa oitava edición, terá lugar o vindeiro domingo 31 de marzo. Os dorsais entregaranse de maneira presencial o propia día da proba nos soportais do pavillón polideportivo Villanueva Cendón a partir das 10.00 horas.

A saída está prevista para as 11.00 horas. Trátase dunha carreira que conta con cinco categorías de competición. A categoría chupete (2020 e posteriores) será a primeira en saír e recorrerán os 100 metros a partir das 11.00 horas. Seguiránlle a categoría A (2016-2019) que se enfrenta a 500 metros, a B (2012-2015) que correrán 800 metros. P

or último, saíran os participantes da categoría C (2008-2011) que comprende 1,5 quilómetros e a absoluta (2007 e anteriores) que competirán a partir das 12.30 horas e percorrerán 7,3 quilómetros. O circuito des-

envolverase por varias rúas da vila e polo Monte do Cristo, preto do río Miño. Tanto a saída como meta estarán localizadas nas inmediacións da praza do Camiño, antes Condes Fenosa, a carón da igrexa. O prezo da inscrición é de 3 euros para a categoría absoluta e gratis para as modalidades de menores.

Todos os participantes recibirán unha camiseta. No caso da categorías de menores, recibirán ademais unha medalla conmemorativa e un agasallo. Haberá trofeos para os tres primeiros atletas (masculinos e femininos) de cada categoría. Todos os participantes da modalidade absoluta recibirán un agasallo, ademais o primeiro clasificado farase cunha cesta de produtos típicos da comarca e o segundo e o terceiro recibirán un lote de produtos típicos da comarca. Tamén haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría e premios especiais para o primeiro corredor local.

AULA DE MADRUGADORES



A Aula de Madrugadores do Concello de Portomarín non quixeron deixar pasar a festividade do Día da Paz e achegáronlles aos máis pequenos a importancia desta data. Os nenos e as nenas do servizo traballaron sobre a temática e levaron a cabo distintas propostas. O Concello conta co servizo de Madrugadores mediante o programa Concilia e ten un horario de 7.30 a 8.55 horas. O servizo préstase no Colexio Virxe Da Luz.

o corgo

Ponse en marcha o día 9 a cuarta edición do Campionato de Tute

A Asociación os Cinco Ríos organiza o 9 de marzo o seu Campionato de Tute, que este ano chega a súa cuarta edición. Organizarase no centro sociocultural ou no pavillón municipal en función do número de parellas que se anotén. Os participantes, que poden inscribirse ata o vindeiro 9 de marzo, deberán presentarse no lugar ás 16.00 horas.

A inscrición por parella, con cea incluída, supón 100 puntos. Os que só desexen participar na cea pagarán 20 puntos no caso dos adultos,

10 puntos para os rapaces de 6 a 14 anos e totalmente de balde para os menores de 6. Aceptarase un máximo de 64 parellas. Os premios van dende os 2.000 puntos e un trofeo para os primeiros clasificados, 700 para os segundos e 400 e 200 para o terceiro e o cuarto.

Tamén haberá unha opción de pesca entre os participantes. Neste caso os primeiros levarán 300 puntos e un trofeo, os segundos faranse con 200 puntos, o terceiro con 2 xamóns e o cuarto con dúas paletas.

DEPORTES

O CD Lugo elixe a Roberto Trashorras como novo adestrador



O CD Lugo materializou o acordo con Roberto Trashorras para a súa incorporación como primeiro adestrador do CD Lugo.

O técnico rabadense, que desempeñaba as súas funcións como adestrador do equipo filial ata o momento, asumirá as rendas do primeiro equipo da entidade. Cunha dilatada experiencia como xogador de elite en equipos como FC Barcelona, VDE As Palmas, Raio Vallecana ou RC Celta de Vigo, acumula varias campañas exercendo como técnico na estrutura albivermella.

Roberto Trashorras incorpórase de inmediato á dinámica de traballo, dirixirá a súa primeira sesión este martes, en horario de tarde, e a súa presentación como novo técnico amurallado terá lugar ás 10.30 horas no estadio Anxo Carro.

NOVO EQUIPO. O CD Lugo B estrea

novo corpo técnico tras a incorporación de Roberto Trashorras ao primeiro equipo. Deste xeito, Daniel Galán asume a dirección do club xunto con Jonatan Iglesias, que exercerá como segundo técnico do filial albivermello. Galán era o adestrador do xuvenil A, equipo que se encontra actualmente na División de honra xuvenil, e tamén adestraba o SDC Residencia.

Pola súa parte, Iglesias era o adestrador do equipo infantil na división de honra, traballo que seguirá compaxinando co seu estreado labor como segundo técnico. Ademais destes cambios, o debut de Trashorras como novo técnico albivermello tamén tamén provoca novos cambios no club. Diego Seoane pasa a levar o Cadete A e David Fernández pasa do Cadete a ao Xuvenil B, mentres que Hugo Vázquez Corgo estrearase como adestrador do xuvenil A.

O Anxo Carro opta a acoller partidos do Mundial de fútbol 2030

A carreira por formar parte da candidatura final española para o Mundial 2030 continúa aberta con todas as opcións intactas para A Coruña e Vigo, as dúas cidades que confirmaron o seu desexo de acoller partidos da cita mundialista. A FIFA, a través da Real Federación Española de Fútbol, segue recollendo información das sedes antes de tomar a decisión final.

E neste sentido, a Real Federación Galega de Fútbol elaborou unha proposta que trasladou á RFEF cunha serie de campos de fútbol que complementan as sedes da Coruña e Vigo.

Campos que son presentados como posibles subsedes. Varios técnicos da RFEF visitaron Galicia para inspeccionar estas instalacións para valorar se cumpren as esixencias como posibles campos de adestramento e dese xeito pasar a formar parte das candidaturas.

A proposta inclúe estadios distribuídos por toda Galicia, todos de céspede natural, como A Malata en Ferrol, Anxo Carro de Lugo, A Magdalena de Vilalba, Ponte dos Brozos de Arteixo, Pasarón en Pontevedra ou o Verónica Boquete de Santiago, entre outros.

Jorge Prado gaña o Campionato de España de Motocross de Lugo

O lucense Jorge Prado foi o gañador do Campionato de España de Motocross, que se celebrou este sábado en Lugo co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O vigués Ruben Fernández e o navarro Ander Valentín completaron o podio de MX1 do campionato estatal que se celebrou por segundo ano consecutivo en Lugo.

O deputado de Mocidade Daniel García parabenizou a Jorge Prado pola vitoria e seguiu a proba no circuíto de Rubiás, acompañado pola concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza de Lugo Cristina López, e participou na entrega de premios.



Arranca a Copa Deputación para equipos de Preferente e Primeira

A Copa Deputación aproveitou o descanso de Entroido na Liga para celebrar a ronda previa para as categorías de Preferente e primeira Galicia.

Dos tres equipos da categoría superior que xogaron, dous conseguiron o pasaporte para oitavos, o Residencia, que derrotou ao Outeiro de Rei, e o Lemos, que fixo o mesmo co Monterroso. Pola contra, caeu o Castro ante o Escairón, que está situado na parte alta como serio aspirante ao ascenso.

Os outros tres finalistas foron o Milagrosa, que venceu ao Guitiriz, e o Meira, que superou amplamente ao Burela. O terceiro foi o Santaballés,

que se clasificou na quenda de penaltis ante o Guntín despois de empatar o partido 2-2.

Aproveitouse tamén a sesión para disputar un partido de oitavos, o Riotorto-Chantada Atlético, que terminou cunha vitoria ampla do equipo chantadino (1-4).

SEGUNDA-TERCEIRA. Para estas dúas categorías foi a segunda sesión de Copa, a de dezaseisavos, e na que só catro equipos de Terceira sobreviviron para xogar os oitavos.

Nos duelos entre equipos de Segunda houbo algunhas sorpresas. Pola mínima lograron clasificarse Iberia e Muimenta; e con marcadores máis

amplios Brollón, Friol e Antas. Na quenda de penaltis, foi o Xermade o que se desfixo do Pastoricense.

A superioridade dos equipos de Segunda sobre os de Terceira chegou coas vitorias de Vilalbés B, Candelaria, San Roque, Becerreá e Paradela, con marcadores claros. A Comercial tivo que chegar aos penaltis.

Finalmente dous equipos de Terceira venceron aos de Segunda, o Casás derrotou por goleada ao Roupar e o Rubián nos penaltis acabou co Ferreira.

A estes súmanse as vitorias do Páramo e Piringalla ante rivais da súa categoría.

O Casás logra ascender a Segunda no mesmo ano no que debuta

O Casás fai historia e logra ascender o ano que debuta. Os de amarelo lograron vencer ao Catro Roldas (2-3) a aproveitaron a derrota do Goiriz fronte ao Barreiros (5-1) para converterse en equipo de Segunda a tres xornadas do encontro final. Conseguen ese ascenso cando faltan tres xornadas de liga e están segundos de grupo xa que o Barreiros, primeiro, ascendeu xa hai dúas semanas. Este equipo que ten fútbol base desde hai anos estrea equipo



sénior e xa na súa primeira temporada logran ascender a Segunda división. Trátase dun club recen-

te, xa que na súa gran maioría son xogadores que proceden dos xuvenís.

“O obxectivo é intentar levar este deporte ao máis alto aquí na cidade”

Marcos Pereira asumiu a presidencia do Lugo Sala dende que naceu o proxecto, cunha escola de cincuenta nenos no seu primeiro ano de traballo e que xa suma unhas 250 licenzas federativas

Por **Lucía Blanco**

Unha viaxe en bus. Así comezaba a historia do ADC Lugo Sala no ano 2014, cando uns apaixonados desta disciplina cumprían o seu soño de darlle un novo aire ao deporte na cidade. “Moitos dos que estamos aquí saímos do que era o Prone. Eu estaba no corpo técnico do meu compañeiro Diego Ríos, pero no último ano estaba a marea un pouco revolta e nunha das viaxes comenteille a el e algún compañeiro máis que ao rematar a tempada quería montar un club pola miña conta e metémonos todos”, recorda o presidente, Marcos Pereira.

O ex delegado do Azkar, que sempre se dedicou a traballar coa canteira, apostou polo proxecto coma un “hobby”, aínda que pronto tivo unha acollida máis que positiva. Comezaron a funcionar en xuño e en setembro xa sumaban uns 50 nenos, cifra que se triplicou a tempada seguinte. “Moitos dos adestradores que estaban no Azkar quixeron virse con nós e xa nos demos de conta de que isto ía crescendo e crescendo. E despois de 10 anos aquí seguimos, pasou todo moi rápido, pero tamén hai moito traballo detrás”.

Agora están a punto de cumprir unha década de vida, aniversario que esperan celebrar cunha xuntanza no mes de maio ou xuño.



“Estamos planificando que se pode facer, porque temos bastante traballo cada fin de semana e é complicado poder coordinar todo”. Polo momento, a súa camiseta xa loce o escudo conmemorativo que recolle eses 10 anos de historia, nos que comparten as ganas por ofrecer o mellor servizo na súa es-

cola. “É un orgullo poder chegar a onde estamos en tan pouco tempo. Pero o esforzo que levou e está levando está aí, porque hai que facer moitas cousas”. Estar á fronte implica dende falar coas institucións, que “moitas veces non estás de acordo como te tratan a nivel de subvencións”, ata manter o contac-

to cos distintos patrocinadores. Ao mesmo tempo, precisa compaxinar o labor na entidade coas rutinas profesionais. “Eu son o que máis está tirando disto e eu non vivo do Lugo Sala, quítame moitas horas e non levo nada a cambio. Pero o orgullo de poder dicir isto levantámolo nós non nolo quita ninguén”, di Pereira. A clave está tamén en rodearse sempre dos mellores profesionais no ámbito deportivo. “Nós podemos dicir que ninguén nos regalou nada, todo o que temos e o que conseguimos é froito do noso esforzo e do esforzo dos adestradores que son a parte máis importante do club, os que están día a día cos nenos”. Esa dedicación pode explicar que, dende a súa creación, xa pasaran centos de xogadores e xogadoras polo Lugo Sala, que conta actualmente cunhas 250 licenzas, “entre adestradores, nenos da escola e os do primeiro equipo”.

ÁS PORTAS DO ASCENSO. Precisamente, dende fai 6 anos teñen un equipo sénior, que pouco a pouco vai posicionándose no lugar que merece e que ao que un gol o freou do ascenso a segunda división a pasada tempada. “Conseguimos algo que facía moitos anos que non se conseguía en Lugo, metemos máis de 1.500 persoas

no pavillón municipal. Ver a toda esa xente animando aos rapaces para conseguir a vitoria marcou un antes e despois”. Un apoio que recorda á época do Prone, cando o fútbol sala lucense estaba en primeira, e que tamén influíu no número de aboados. “Temos preto de 700 persoas aboadas. Superamos o récord do ano anterior que estaba en máis de 400 e esperamos que se ascendemos aínda sexamos máis”.

Pero saben que non vai a resultar sinxelo. Levan 21 xornadas de liga e mantéñense líderes, con tan só un empate e unha derrota, polo que xogar o play off está case asegurado, aínda que despois deberán enfrontar catro rondas a dobre partido. “Poden pasar moitas cousas. O ano pasado chegamos tocados, porque coincidimos a final da Copa Galicia en Noia entre o play off e chegamos cuns xogadores fisicamente mermados, perdemos a Diego Núñez, un dos xogadores máis importantes do equipo que rompeu o ligamento do xeonllo en febreiro. E aínda así case o conseguimos”.

Agora cos lesionados xa recuperados e cunha selección de xogadores “un pouco máis longa e máis compensada” teñen claro que van seguir pelexando por levar o fútbol sala da cidade a onde se merece: á elite nacional. “Porque o obxectivo do noso club dende case o primeiro ano era intentar levar este deporte ao máis alto aquí en Lugo e seguiremos intentándoo. Estamos no camiño, pero non é fácil”. E farano coa filosofía que mellor os define: “Traballo, traballo e máis traballo e dedicación ao fútbol sala, que é o que nos gusta”.

Os equipos infantil e alevín do club PortaMiñá, campións galegos

O equipo infantil do Club de Natación PortaMiñá de Lugo proclamouse campión galego na clasificación conxunta e campión feminino no Campionato Galego Infantil de Pontevedra. Trátase dun extraordinario traballo dos nadadores e nadadoras, xa que cada un demostrou compromiso, dedicación e un gran espírito de equipo ao longo desta fin de semana. “Este triunfo vai máis aló dos récords e as medallas... É a suma de como o noso equipo técnico e nadadores apóianse mutuamente, en como cada un achegan e superanse nos momentos difíciles”, explican dende o PortaMiñá.

Os resultados súmanse aos conseguidos no Campionato Galego Junior/Absoluto e á presenza de nadadores e nadadoras nas seleccións galegas, o que demostra que son un gran club, unha gran familia unida pola súa paixón pola natación e o seu



compromiso de superación. Tamén participaron no Campionato Galego Alevín de natación na piscina do Club Fluvial de Lugo, competición na que o Club Natación PortaMiñá se proclamou campión na clasificación xeral conxunta, campión na categoría feminina e terceiro na clasificación masculina. Nas probas individuais, o PortaMi-

ñá fíxose con 18 medallas de ouro, 11 de prata e 8 de bronce, mentres que nas probas de relevos conseguiron 3 primeiros de ouro e 2 de prata. Trátase duns resultados que acaban por consolidar ao PortaMiñá como referente da natación galega de base despois do triunfo no Campionato Absoluto de fai dous meses.

O Anxo Carro incorpora drons e IA para a análise táctica no fútbol

A directora da Axencia Galega de Innovación, Patricia Argerey, e o presidente do Club Deportivo Lugo, Tino Saqués, participaron no estadio Anxo Carro nunha demostración da startup Fly-Flut, que desenvolveu unha solución que emprega tecnoloxías de vehículos non tripulados e software de intelixencia artificial para que os equipos de fútbol dispoñan dunha mellor experiencia de análise táctica en adestramentos e partidos.

Fly-Fut é unha das doce participantes na 5ª edición da Business Factory Aero (BFAero), o programa de incubación, aceleración e consolidación de proxectos empresariais innovadores no eido dos vehículos non tripulados impulsado pola

Xunta en colaboración coa Fundación CEL Iniciativas por Lugo no marco do Polo Aeroespacial.

Fronte ás solucións de gravación táctica con cámara fixa, desde torre ou desde andamio, o software de Fly-Fut ofrece máis imaxes e máis datos e cunha maior calidade e achega información sobre distancias e velocidades sobre a imaxe do dron, ofrecendo así un valor diferencial. As súas principais vantaxes, aplicables tanto ao primeiro equipo dos clubs como á canteira, son o aforro de tempo de análise e unha maior precisión e flexibilidade na toma de planos. Isto facilita a comprensión, axuda a mellorar a execución e fortalece a confianza de xogadores e corpo técnico.

ORIENTACIÓN



O Club Fluvial Lugo Orientación participou no Trofeo Iberoamericano de Orientación, a primeira proba da liga Española de Orientación. O club logrou un ouro da man de Pedro Parga na proba de Sprint na categoría M65 e tamén un terceiro posto grazas a Javier Liz na proba de distancia media na categoría M50.



O Biosbardo proclámase campión no Galego de Trail celebrado en Muros

O Club Deportivo Biosbardo obtivo grandes resultados no Campionato Galego de Trail, individual e de clubs, que se levou a cabo en Muros, no III Trail Cova da Bruxa. Tratouse dunha gran carreira do equipo masculino. O equipo tomou a dianteira, comandados por Marcos Pascual e Federico Losada, que se aventuraban na cabeza de carreira, seguidos de cerca por Emilio Montilla, Iván Sangiao e Jonathan Pérez. A colocación estratéxica dos deportistas fixo que case duplicaran a puntuación respecto o segundo club, Atletismo Porriño e triplicáramos a do terceiro, C.A. Cambados. Desde a dirección técnica do club queren destacar o traballo feito polos demais representantes do equipo: Fran Sobrado, Borja Varela, Iván Barca, Fran Pascual e Guillermo Grandal. Unha vitoria de todo o colectivo alí presente aínda que só puntuaban os 5 primeiros en meta.

POR EQUIPOS. En canto aos resultados femininos, o club posicionouse terceiro por equipos. A baixa de última hora de Katia Senín obrigaba a puntuar ás tres deportistas que disputaban o campionato. Pero as lideradas por Tamara García non fallaron e foron avanzando posicións en carreira, aumentando a tensión por parte de compañeiros e afeccionados.

Coa entrada en meta de Fanny Abelenda e Enara Fernández cando se ratificábase o terceiro posto por equipos feminino a tan só 5 puntos da segunda praza do SD Compostela. En canto ás marcas individuais, Marcos Pascual Fidalgo proclamouse Campión Galego M35. Consolidou o seu estado de forma actual, colocándose no top 5 e coroándose como campión galego da súa categoría. Federico Losada Conde posicionouse como Campión Galego M45. Ocupou a décima posición no campionato absoluto, acusando á fatiga competitiva das semanas previas, pero entra directo en postos para defender a Selección Galega no vindeiro campionato de España. Pola súa parte, Emilio Montilla Fernández acadou o título de Campión Galego M50. Correndo moi intelixentemente, regulando e atacando nos quilómetros finais logrou o décimo primeiro posto na meta. Con estes resultados o C.D. Biosbardo acadou o título masculino, o terceiro posto feminino e tres títulos individuais, mentres afianza a un dos seus deportistas dentro da Selección Galega, tendo dous homes máis, Marcos Pascual e Emilio Montilla, nos dez primeiros do Ranking da Federación Galega de Atletismo e unha das rapazas tamén ás portas da selección, Tamara García.

O Club Piragüismo Cidade de Lugo faise con tres medallas en Ourense

Rematou o Campionato Galego de Inverno en K4-C no parque náutico ourensá de Castrelo de Miño. Os piragüistas do Cidade de Lugo Víctor, Dani, Álex e Mario fixéronse co ouro na categoría masculina xuvenil K4. Pola súa parte Ángela, Aroa, Irene e Noelia lograron a medalla de prata na categoría feminina infantil B K4 e Aiora, Nuria, Llara e Lucía acadaron un terceiro posto na senior K4. En cuarto lugar da masculina sénior C4 tamén quedaron Teo, Piña, Jherison e Pociña, mentres que os seus compañeiros André, Ramón, Íñigo e Pablo lograron o quinto posto na categoría senior K4. No Campionato Galego K1 e C1 Sénior, Sub23 e Júnior sobre a distancia



de 5.000 metros. O Club Fluvial de Lugo clasificouse na primeira posición por diante do Club de Mar Ría de Aldán e do Club Naval de Pontevedra dun total de 37 clubs galegos. Ademais, nas categorías Júnior e Sénior masculinas tamén quedou na primeira posición, en categoría Jú-

nior feminina na sexta posición e en categoría Sénior feminino na sétima posición. A nivel individual destacan o primeiro posto en categoría Sub23 C1 de Ana Gorisnky e en categoría Júnior K1 feminina Emily Fernández Docherty na primeira e Aida Fonseca Jover na segunda posición.

O Free Dojo faise con 49 metais no campionato de Tatami Sport

Celebrouse o campionato galego absoluto de Tatami Sport na cidade de Marin, que supón a maior competición de Kickboxing a nivel galego. O club deportivo Free Dojo regresa cun éxito sen precedentes para o deporte da nosa cidade nesta disciplina. Os deportistas do club competiron dentro das catro modalidades que compoñen o campionato que englobaba e obtivo 4 campións galegos absolutos e 24 subcampións galegos absolutos nas diferentes modalidades. A escola deportiva, que actualmente conta coa cantidade de 148 licenzas de deportistas federados, achegou un total de 21 competidores. Finalmente, un total de 49 medallas foron para os lucenses e dan acceso a 16 dos 21 participantes no campionato para estar preseleccionados para as convocatorias da selección galega absoluta que representarán a Galicia no próximo campionato de España esta primavera. En canto ás actuacións máis desta-



casadas, o vixente campión galego do club lucense David Díaz revalida o título e volve proclamarse por segundo ano consecutivo como campión galego absoluto na modalidade de Point Fighting, obtendo outros dous subcampións máis. Yago González tamén se posicionou como campión galego na xornada do sábado pola mañá, ambos na categoría junior. Remataron a xornada do domingo con outros dous ouros, na categoría sénior, da man Mario Cas-

cudo e Alejandro Fra. Por outra banda, na categoría feminina, as competidoras non se puideron alzar co ouro pero si lograron 6 subcampións. Entre elas están Alicia Novas, que se enfrontou á número cinco do mundo, Noa Vincelle, e aos subcampións de Maitane Serrano e Vega Mateo, que non puideron coas favoritas de edicións anteriores, pero deixaron a porta aberta a poder mellorar en próximas edicións.

HOMENAXE A HISTÓRICOS DO BREOGÁN



A concelleira de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, xunto á concelleira de Participación, Cristina López, reuníronse con históricos ex-xogadores do Club Baloncesto Breogán. Durante a xuntanza organizada polo medio de comunicación 'Breogán está en ACB', as edís agasallaron aos xogadores cun galardón que lembra o seu paso e a súa carreira na cidade de Lugo.

COLABORACIÓNS

Matemáticas Socioafectivas

O PUPITRE



Julio Díaz

E que son un apaixonado das “mates” acollín con certo desacougo os resultados do PISA onde se constata unha caída de cinco puntos en Matemáticas no noso país. De inmediato, o Presidente do Goberno amosou un plan de reforzo en Matemáticas e Comprensión Lectora tras eses desastrosos resultados. Vexo ben que o noso Goberno relacione as dúas cousas, xa que ambas as dúas van da man.

Os meus alumnos sempre me escoitaron dicir que as Matemáticas son a linguaxe da ciencia. Moitas defi-

ciencias dos nosos rapaces/zas co razoamento matemático e a resolución de problemas veñen de que non comprenden o enunciado de ditos problemas, non entenden o que lles preguntamos.

Pero vamos a esa proposta para profes de Pilar Alegría con ese método de matemáticas “socioafectivas”. O 46% dos escolares españois expresaron no cuestionario de PISA que causaban moita tensión os deberes desta materia, mentres que a un 39% provocáballe “indefensión”. É por iso que o Ministerio cre que se debe fomentar o sentido “socioafectivo” desta materia, porque aparte de achegalos ao alumno/a, logrando eliminar esa ansiedade xeral, conseguírase un instrumento eficaz para aplicala na vida cotiá.

As Matemáticas socioafectivas refírense a un tipo de enfoque educativo nesta materia que recoñece a interacción entre as emocións, o entorno social e a aprendizaxe das matemáticas. Dito doutra maneira, en lugar de limitarse a unha mera transmisión de conceptos e procedementos mecánicos, esta proposta busca crear un ambiente de aprendizaxe no que os estudantes se sintan seguros, motivados e capaces de relacionarse coas matemáticas doutra maneira.

Pero a min, o termo Matemáticas socioafectivas gústame máis ben pouco. Na ensinanza das matemáticas hai dous compoñentes: unha cognitiva e outra socioafectiva, que ten moito que ver coa actitude dos alumnos cara as Matemáticas, a súa capacidade para procesalas e en últi-



ma instancia, de usalas para resolver problemas e reducir a ansiedade matemática que teñen os nosos alumnos.

Eu como docente só tiña unha preocupación que era “enganchar” aos meus alumnos/as e intentaba captar a súa

atención e o interese pola materia, intentando facela atractiva, escapando das leccións maxistras e achegando o entorno máis próximo a eles ás miñas explicacións: falar de proporcionalidade mediante uso de receitas de cociña, cálculo de porcentaxes dun xogador de baloncesto, xogos de secuencias, puzzles xeométricos, empregar debuxos e pegatinas,...

As matemáticas son paixón, hai quen pensa que só están nas novas tecnoloxías, na IA e nos algoritmos; eu penso que a parte humana é fundamental. As matemáticas non poden ser o óso das aulas. Son a linguaxe da ciencia e da natureza. Son obxectividade e precisión. Se mostramos as matemáticas como unha repetición de actividades monótonas, nunca chegaremos ao noso alumnado.

Outro dos imprescindibles

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Desde que a un servidor lle deron a oportunidade de colaborar co xornal Terrachaxá, tanto nos primeiros cen artigos, recopilados na publicación ‘En Cincuenta Mil Palabras’, como na columna actual, Coa Nosa Voz, gabouse o bo facer e a traxectoria de cregos que amosaron un compromiso e unha implicación considerables co propio, cunha realidade moitas veces difícil e complicada para a xente que lle tocaba vivirla, e por suposto coa lingua e cultura galegas. Estes homes merecían cumprido recoñecemento, xa que en contornas e épocas hostís, eles deron a cara polos demais, loitando contra as inxustizas e as causas que as provocaban. En múltiples ocasións foron incomprendidos e incluso nalgúns casos desprestixiados e

obxecto dunha forte crítica. Curas que rompían moldes nun clero que adoitaba cingirse ás consignas que viñan ditadas polas altas esferas, sen saír do rego e sen cuestionamentos. Exemplos como os chairegos Xosé Manuel Carballo, o cura que facía maxia, Bernardo García Cendán, dunha talla intelectual impresionante, Jesús Rodríguez, que saíu de Donalbai para Chile, país onde desenvolveu o seu ministerio –falecido hai uns meses-, Chao Rego, ou Alfonso Blanco, do que non fai falta dicir nada e afortunadamente aínda se atopa con nosoutros.

E outra figura á que lle outorgamos a categoría de imprescindible, xunto a tódolos anteriormente citados, é Xesús Mato. Foi en pleno Entroido do presente ano cando se produciu o seu pasamento. Natural de Paradela, ao seu labor pastoral súmanselle outros méritos dignos de comentar e salientar. No ámbito social, destacou por ser un dos impulsores na cidade de Lugo de Auxilia, unha asociación

que loita a prol dos dereitos das persoas con discapacidade. Máis valor cabe aínda darlle porque ese feito aconteceu durante os anos setenta, cando homes e mulleres queixados de minusvalías apenas tiñan máis vida alén das fronteiras do entorno familiar. A raíz da súa obra neste eido, empezouse a visualizar a realidade dun colectivo totalmente esquecido e escondido do resto da sociedade. E en segundo termo, o padre Mato será lembrado neste País pola súa faceta musical e pola participación como fundador de Fuxan Os Ventos, tamén na década dos setenta, un grupo que contribuíu a revivir a música galega, utilizando as letras cunha marcadísima significación social.

Son moitas máis virtudes a destacar deste home ao longo dos seus noventa e un anos de vida. Non se debe esquecer o seu traballo como profesor e escritor. E como non, o valor que se lle debe dar pola súa obra na emisión de misas en galego desde Radio Popular de

O RECUNCHO DE CANELINA



Lugo. A Igrexa e a Lingua en Galicia, unha relación que dá moito para falar.

Todo o mencionado e moito máis forma parte do haber deste home, que pertence tamén ao grupo dos bos e xenerosos. Afortunadamen-

te, en vida foi obxecto de homenaxes, premios e recoñecementos, todos eles máis que merecidos. A partir de agora, corresponderanos traballar para que non se esqueza o seu legado e que a súa memoria perdure nos anos vindeiros.

DE RUTA EN RUTA

Cervantes: Ruta de Piornedo a Mustallar

Situada na montaña máis alta da provincia é unha das zonas máis recoñecibles da serra dos Ancares, declarada Reserva da Biosfera

Os 1.935 metros de altitude do Mustallar convierten a montaña na máis alta da provincia de Lugo e nunha das máis recoñecibles da serra dos Ancares, declarada Reserva da Biosfera pola Unesco. Varias rutas contemplan a viaxe ata o seu cume, aínda que o percorrido clásico é o que vai dende Piornedo, unha travesía que permite gozar dos elementos patrimoniais, da historia do concello a través dos restos arqueolóxicos e dunha paisaxe de gran valor natural.

Trátase dun percorrido duns 6 quilómetros, que se poden enfrontar nunhas dúas horas, e de dificultade baixa en gran parte da ruta pero con certa complexidade nos tramos finais. O itinerario comeza no Piornedo, onde se pode deixar o coche. No comezo, cruzamos a aldea e dirixímonos ata a súa parte alta, concretamente ata a capela de San Lourenzo. Esta xoia patrimonial de planta rectangular forma parte da variada e abundante riqueza monumental do municipio, que concentra as coñecidas pallozas, así como hórreos, castros, pazos e igrexas.

Neste punto tomamos un camiño que nos leva ata O Campo, no que atopamos matogueiras características da zona como poden ser os piornos, os toxos e as xestas, alternando con pradarías de montaña. Seguimos o camiño, que é moi evidente en todo momento e está protagonizado polos tons amarelos dos piornos, ata que nos atopamos cunha chaira herbácea. Nesta pradería, coñecida como Chao Grande, bifúrcanse dous camiños, aínda que se pode tomar calquera, xa que ambos nos van a conducir ata Campo Redondo. Continuamos o itinerario rodeados dun entorno bucólico e veremos o río Veiga Cimeira, que se cruza a través dunha ponte. Doutro lado atopamos un carreiro empedrado que nos leva ata unha pradería con restos dun muro que pertencen á Cabana dos Extremeños, que nos seus tempos servía de albergue a pastores e montañeiros.

A paisaxe vai mudando conforme subimos, xa que as especies arbóreas desaparecen e dan paso a unha contorna predominantemente de tipo montañoso que podemos observar xa na Braña de Piornedo, un gran circo glaciar. Cabe destacar que é preciso botar a vista atrás de vez en cando para non perder detalle e para recordar durante a pendente que a perspectiva que nos espera paga a pena. Se continuamos avanzando por estes tramos máis pedregosos, chegaremos ata o cume do Mustallar. Trátase dunha subida que esixe un certo esforzo, especialmente nos últimos 200 metros polo seu desnivel, aínda que non ten perda porque basta con seguir



a valla que delimita as dúas provincias. Durante este tramo poderemos gozar da panorámica do val de Burbia, entre o Penalonga e o Mustallar, e tamén da cara máis

vertical deste último.

Destá ruta cabe destacar unha fermosa ferverza no río anteriormente mencionado, do mesmo xeito que a singular vexetación

que cobre a ladeira da montaña composta por codesos, xestas ou toxos, alternando con bosquetes de carballos, acivros ou bidueiros.

DATOS



2 hora



6 quilómetros



Dificultade
baixa/alta segundo
o tramo

Control de Miopía

Corrixe su futura visión con gafas o lentillas

Revisate anualmente, el aprendizaje depende de la visión.



OPTICALIA

CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA

Plaza Mayor, 8 - Tel. 982 252 580
Centro Comercial As Termas - Tel. 982 264 314

www.opticaliacallao.com  